

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 26 de agosto de 2011

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D^a M^a Jesús Lago Rey
D^a. Raquel Díaz Vázquez
D. Cayetano Rodríguez Escudero
D^a. M^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. José Manuel Fernández Pérez
D. Angel Rivas González
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

NON ASISTEN:

D. Carlos López Font

Invitado:

D. David Regades Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e cinco minutos do día vinte e seis de agosto de dous mil once e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, e a interventora xeral acctal., Sra. Hernández Vidal.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(960).- ACTA ANTERIOR. Apróbase a acta da sesión extraordinaria e urxente do 3 de agosto, a ordinaria do 5 de agosto e das sesións extraordinarias e urxentes do 10, 11 e 17 de agosto de 2011. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

2(961).- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN A FAVOR DA ASOCIACIÓN “REDE DE MULLERES VECIÑAIS CONTRA OS MALOS TRATOS”. EXPTE. 7491/101.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 14.06.11, o informe de fiscalización, do 18.08.11, e de acordo co informe-proposta do técnico de Admón. Xeral, do 4.03.11, a Xunta de Goberno local acorda:

1. “Conceder a Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo, con CIF G-36928846, unha subvención por importe de 15.000 € en concepto de programas de axuda a mulleres en perigo de exclusión social, e proxecto de creación e mantemento do blog da asociación, e isto con cargo á partida 912.0.489.00.02 (Subvencións por razóns humanitarias ou sociais) ou no seu defecto con cargo a bolsa xurídica de vinculación do vixente orzamento.
2. O pagamento destas cantidades realizarase mediante transferencia bancaria á conta número 2080.0000.73.0040281291 de Novacaixagalicia, oficina principal.
3. O pagamento expresado na punto anterior farase en dúas partes.
A primeira, de 7.500 euros, realizarase contra a presentación da memoria de actividades correspondente aos 4 primeiros meses do ano en curso, presentada antes do 30 de maio de 2011.
A segunda, dos 7.500 euros restantes, contra a presentación da memoria de actividades da totalidade da programación, así como a conta xustificativa da declaración de actividades realizadas e xustificantes do pago dos gastos incorridos, a presentar antes do día 15 de decembro de 2011”.
4. Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquer outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.
5. Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.
A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.
6. A presente subvención terá a publicidade prevista no artigo 15 da Lei de Subvencións de Galicia.
7. A beneficiaria, no prazo de tres meses a conta desde o remate da actividade subvencionada deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos; os xustificantes de pago dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.
A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos.

As facturas, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non

se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1496/2003, de 28 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Non será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención.

Se o beneficiario solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

8. Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.
9. O beneficiario deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida polo Concello de Vigo e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.
10. Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.
11. Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer o beneficiario da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreziación e imposición, estarse ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.
12. O beneficiario está informado de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención e notificacións de obrigado-cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.
Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento o Concello de Vigo.
O beneficiario poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Concello de Vigo.

13. No demais, a concesión da subvención obxecto da presente resolución, rexeráse pola Lei 38/2003 de 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006, polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.”

3(962).- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR: ALTA EXPTE. 1858/04.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da traballadora social responsable do Programa de SAF, do 8.08.11, conformado pola concelleira-delegada da Área de Política de Benestar, a Xunta de Goberno local acorda:

Conceder a prestación do Servizo de Axuda no Fogar a D^a. Beatriz Martínez Figueroa.

4(963).- PROXECTO DE CONVENIO CO FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN DE SOLIDARIEDADE PARA COADXUVAR AO FINANCIAMENTO DO PROXECTO “RECALIFICACIÓN DAS CASAS DE EITO II, NO MUNICIPIO DE PAÚL. ILLA SAN ANTÓN- REPÚBLICAS DE CABO VERDE 2011”. EXPTE. 67061/301.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 8.06.11, o informe de fiscalización, do 4.08.11, e de acordo co informe-proposta da técnica responsable do Programa, do 20.06.11, conformado polo xefe de Área de Política de Benestar e a concelleira delegada de dita Área, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.-Prestar aprobación ao texto do convenio entre a Concellería de Benestar Social e o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, CIF G15629629, para levar a cabo proxectos e programas de cooperación ao desenvolvemento, e de solidariedade para o fomento e a homologación das políticas municipalistas de cooperación ó desenvolvemento, para o exercicio 2011.

2º.-Aprobar o gasto por un importe total de 15.000 euros, con cargo á 2310. 4800001 de Benestar Social, “Axuda o Tercer Mundo” para o desenvolvemento do “Recalificación das casas de Eito II, no municipio do Paúl. Illa de San Antón-República de Cabo Verde 2011”.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E O FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE PARA A RECALIFICACIÓN DAS CASAS DE EITO II, NO MUNICIPIO DO PAÚL. ILLA DE SAN ANTÓN- REPÚBLICA DE CABO VERDE 2011.

En Vigo, a de de 2011

COMPARECEN

A Delegada da Área de Benestar Social, [REDACTED], segundo nomeamento polo Decreto de delegación da Alcaldía de data [REDACTED].

Doutra, o Sr.D.Alfredo Novoa Gil, na súa calidade de Presidente do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade (CIF G-15629629), e intervindo neste acto por conta e representación da citada entidade, segundo se acredita por medio de certificación, con copia debidamente compulsada e dilixenciada polo funcionario competente e incorporada ao expediente administrativo, de conformidade coas facultades que se lle atribúen polo artigo 23 e afíns dos Estatutos da supracitada entidade, dos que igualmente se aporta copia compulsada e dilixenciada polo funcionario competente, que figura inscrita a tódolos efectos legais no rexistro provincial de Asociacións da Consellería de Xustiza da Xunta de Galicia.

E, en consecuencia, recoñecendo mutuamente a ambas partes intervintes plena lexitimación, capacidade e representación para acordar o que ás súas respectivas entidades lles resulte de interese para o desenvolvemento das súas competencias e funcións

EXPOÑEN

Que, preocupados pola necesidade de obter o máximo rendemento dos recursos que destina a cooperación ó desenvolvemento, o Concello de Vigo está comprometido co propósito de impulsar aquelas prácticas que posibiliten unha maior coordinación das políticas municipalistas desenvolvidas en Galicia neste eido, compartindo coas ONGs e o conxunto da sociedade viguesa esa aspiración común á mellora da cooperación.

Que o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade é unha asociación de carácter municipalista que, co apoio da FEGAMP, favorece a incorporación das entidades locais e provinciais de Galicia a dinámicas activas de cooperación, evitando a súa fragmentación e estimulando a súa maior eficacia e coordinación, actividades que desexa intensificar para implicar nas mesmas ó conxunto da cidadanía. O Concello de Vigo integrouse no Fondo Galego mediante acordo plenario de data 3 de agosto de 1998.

O Concello de Vigo e o Fondo Galego acreditan a necesidade de reforzar os mecanismos homoxeneizadores da cooperación propiamente municipalista e instaron a sinatura da denominada “Declaración Política das cidades e o Fondo Galego”, asinada o 5 de marzo de 2001, por tódalas cidades galegas e o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade.

Por todo o exposto, habida conta da sintonía de obxectivos e a complementariedade dos mecanismos concorrentes para a súa consecución, ambas partes intervintes coinciden en instrumentar o seu acordo de vontades no presente Convenio de Colaboración para artellar a participación do Concello de Vigo en dita convocatoria pública, de conformidade coas seguintes

ESTIPULACIÓNS

Primeira.- O presente convenio ten por obxecto artellar a participación do Concello de Vigo no financiamento da convocatoria pública de axudas a proxectos e programas de cooperación ao desenvolvemento que o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade realiza para o ano 2011.

Segunda.- O Fondo Galego comprométese a aplicar os recursos económicos aportados polo Concello de Vigo ao proxecto de cooperación ao desenvolvemento Recalificación das casas de Eito II, no Municipio do Paúl. Illa de Santo Antón- República de Cabo Verde. garantindo en todo momento os medios técnicos e humanos para o seu digno desenvolvemento.

Terceira.- De acordo co o artigo 29 da Lei Xeral de Subvencións (LXS), o Fondo Galego poderá concertar con terceiros a execución de actividades que constitúen o obxecto da subvención.

Así mesmo o Fondo Galego terá as obrigas previstas no convenio máis as consignadas no artigo 14 da LXS.

Cuarta.- O importe total desta iniciativa cífrase en SESETA E UN MIL OITOCENTOS DOUS EUROS CON SESENTA E DOUS CENTIMOS (61.802,62 €). O Concello de Vigo comprométese a aportar un total de QUINCE MIL EUROS (15.000,00 €) con cargo á partida orzamentaria 2310.4800001 do vixente orzamento de gastos do Concello de Vigo.

Esta subvención é compatible con todas aquelas que poda recibir o Fondo Galego doutras administracións para a mesma finalidade, sempre que o importe global non supere o custe total do proxecto obxecto de subvención. No caso de cofinanciamento dun proxecto por varias administracións, farase constar na xustificación, detallando as fontes dos recursos económicos do mesmo.

Quinta.- A vixencia do presente convenio será ata o 31 de decembro de 2011, sen prexuízo da posibilidade de estender a colaboración por medio dun novo instrumento convencional, logo de avaliada a experiencia posta en marcha. O seu seguimento será efectuado polo Fondo Galego.

Sexta.- A/o técnica/o responsable do convenio do Concello de Vigo poderá recabar do Fondo Galego informes técnicos específicos sobre aspectos concretos relativos ós proxectos de cooperación que financie, podendo acceder en todo momento á documentación existente.

Sétima.- Prazos de Pagamento

O pagamento farase efectivo en dúas fases:

- O 50% da cantidade anual á sinatura do convenio entre as partes.
- O 50% restante unha vez xustificadas os gastos realizados mediante xustificantes orixinais ou demais documentos acreditativos dos gastos conformados e selados polo presidente do Fondo Galego de Cooperación e memoria anual, coa preceptiva certificación do cumprimento do convenio asinada polo presidente do Fondo Galego de Cooperación.

Serán gastos subvencionables todos os directamente relacionados coas actuacións obxectivo do convenio e recollidos no orzamento presentado polo Fondo Galego de Cooperación para o exercicio da subvención.

Oitava.- Xustificación da subvención

O Fondo Galego de Cooperación e Desenvolvemento comprométese a presentar antes do día 31 de marzo de 2012, no Rexistro Xeral do Concello, a xustificación do cumprimento, con destino aos Servizos Sociais, achegando a seguinte documentación:

1. Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos con datos dos números de persoas beneficiadas.

2. Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas que conterá:

- Unha relación clasificada dos gastos subvencionados.
- Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.
- Xustificantes orixinais pola a cantidade subvencionada polo Concello de Vigo selados polo Fondo Galego de Cooperación e conformados polo seu presidente.

3. Declaración xurada do perceptor, acreditativa dos seguintes extremos:

- Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada para o que o parceiro local do país onde se ten executado o proxecto, certifique o gasto realizado e sexa certificado igualmente polo Fondo Galego de Cooperación.
- Que foron aboadas aos seus expedidores ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.
- Declaración de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social utilizando o réxime simplificado de acreditación do artigo 31 da Lei 9/2007 de subvención de Galicia.
- Declaración xurada do presidente do Fondo Galego de cooperación e Solidaridade na que conste que a actividade para a cal o Concello de Vigo concedeu a subvención, foi realizada na súa totalidade co cumprimento das condicións que motivaron a súa concesión, e que os fondos foron aplicados a finalidade destinada como compromisos adquiridos neste convenio.

4. Carta de pago do reintegro que proceda en supostos de remanentes non aplicados, excesos obtidos sobre o custe da actividade subvencionada e o interese de demora correspondente.

A comprobación da subvención corresponderalle á/ó técnica/o designada/o na cláusula sexta, será a/o encargada/o de recabar toda a documentación de seguimento da execución da subvención, que emitirá un informe indicando se a documentación e completa según do estipulado neste convenio.

Este informe incorporarase ao expediente para a súa fiscalización xunto coa conta xustificativa.

Novena.- No caso de incumprimento do presente Convenio, transgresión na súa execución ou desestimación por parte da entidade asociativa, procederase a súa inmediata resolución. Concorrendo estes supostos, o Fondo Galego reintegrará ao Concello as contías aboadas con recargos e intereses a que houbera lugar, de conformidade coa normativa que lle resulte de aplicación e nos prazos máis perentorios que a mesma dispuxera.

Decima.- As lagoas ou diverxencias que puideran apreciarse na aplicación do presente convenio integraranse, interpretaranse e resolveranse motivadamente polo órgano concedente, e contra as súas resolucións, e polo carácter administrativo deste Convenio, caberá interpor os oportunos recursos administrativos e xurisdicionais na orde contencioso-administrativa, ou calquera outros recursos e accións que en Dereito procedan.

Undécima.- A lexislación aplicable é a que sinala o artigo 5 da LXS, que se refire ao réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletorio que resulta da súa disposición final primeira; e o seu regulamento de desenvolvemento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo de 2006; a Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, as bases de execución do orzamento do Concello de Vigo para o ano 2011; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

E de conformidade cos termos do convenio, as partes asínano no lugar e data indicado no encabezamento.

5(964).- PROXECTO DE CONVENIO CO FONDO GALEGO DE COOPERACION DE SOLIDARIEDADE PARA COADXUVAR AO FINANCIAMENTO DO PROXECTO “MELLORA DAS CONDICIÓNS DE HABITABILIDADE E SALUBRIDADE DE 11 FAMILIAS COROTEGAS DE TOTOGALPA, MADRIZ (NICARAGUA). EXPTE. 67060/301.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 8.06.11, o informe de fiscalización, do 4.08.11, e de acordo co informe-proposta da técnica responsable do Programa, do 20.06.11, conformado polo xefe de Área de Política de Benestar e a concelleira delegada de dita Área, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.-Prestar aprobación ao texto do convenio entre a Concellería de Benestar Social e o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, CIF G15629629, para levar a cabo proxectos e programas de cooperación ao desenvolvemento, e de solidariedade para o fomento e a homologación das políticas municipalistas de cooperación ó desenvolvemento, para o exercicio 2011.

2º.-Aprobar o gasto por un importe total de 52.000 euros, con cargo á 2310. 4800001 de Benestar Social, “Axuda o Tercer Mundo” para o desenvolvemento do proxecto “Mellora das condicións de habitabilidade e salubridade de 11 familias chorotegas de Totogalpa, Madriz (Nicaragua)”.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E O FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE PARA MELLORA DAS CONDICIÓNS DE HABITABILIDADE E SALUBRIDADE DE 11 FAMILIAS CHOROTEGAS DE TOTOGALPA, MADRIZ (NICARAGUA)

En Vigo, a de de 2011

COMPARECEN

O/A Concelleiro/a Delegado/a da Área de Benestar Social, segundo nomeamento polo Decreto de delegación da Alcaldía de data

Doutra, o Sr.D.Alfredo Novoa Gil, na súa calidade de Presidente do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade (CIF G-15629629), e intervindo neste acto por conta e representación da citada entidade, segundo se acredita por medio de certificación, con copia debidamente compulsada e dilixenciada polo funcionario competente e incorporada ao expediente administrativo, de conformidade coas facultades que se lle atribúen polo artigo 23 e aíns dos Estatutos da supracitada entidade, dos que igualmente se aporta copia compulsada e dilixenciada polo funcionario competente, que figura inscrita a tódolos efectos legais no rexistro provincial de Asociacións da Consellería de Xustiza da Xunta de Galicia.

E, en consecuencia, recoñecendo mutuamente a ambas partes intervintes plena lexitimación, capacidade e representación para acordar o que ás súas respectivas entidades lles resulte de interese para o desenvolvemento das súas competencias e funcións

EXPOÑEN

Que, preocupados pola necesidade de obter o máximo rendemento dos recursos que destina a cooperación ó desenvolvemento, o Concello de Vigo está comprometido co propósito de impulsar aquelas prácticas que possibiliten unha maior coordinación das políticas municipalistas desenvolvidas en Galicia neste eido, compartindo coas ONGs e o conxunto da sociedade viguesa esa aspiración común á mellora da cooperación.

Que o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade é unha asociación de carácter municipalista que, co apoio da FEGAMP, favorece a incorporación das entidades locais e provinciais de Galicia a dinámicas activas de cooperación, evitando a súa fragmentación e estimulando a súa maior eficacia e coordinación, actividades que desexa intensificar para implicar nas mesmas ó conxunto da cidadanía. O Concello de Vigo integrouse no Fondo Galego mediante acordo plenario de data 3 de agosto de 1998.

O Concello de Vigo e o Fondo Galego acreditan a necesidade de reforzar os mecanismos homoxeneizadores da cooperación propiamente municipalista e instaron a sinatura da denominada “Declaración Política das cidades e o Fondo Galego”, asinada o 5 de marzo de 2001, por tódalas cidades galegas e o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade.

Por todo o exposto, habida conta da sintonía de obxectivos e a complementariedade dos mecanismos concorrentes para a súa consecución, ambas partes intervintes coinciden en instrumentar o seu acordo de vontades no presente Convenio de Colaboración para artellar a participación do Concello de Vigo en dita convocatoria pública, de conformidade coas seguintes

ESTIPULACIÓNS

Primeira.- O presente convenio ten por obxecto artellar a participación do Concello de Vigo no financiamento da convocatoria pública de axudas a proxectos e programas de cooperación ao desenvolvemento que o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade realiza para o ano 2011.

*Segunda.- O Fondo Galego comprométese a aplicar os recursos económicos aportados polo Concello de Vigo ao proxecto de cooperación ao desenvolvemento *Recalificación das casas de Eito II, no Municipio do Paúl. Illa de Santo Antón- República de Cabo Verde.* garantindo en todo momento os medios técnicos e humanos para o seu digno desenvolvemento.*

Terceira.- De acordo co o artigo 29 da Lei Xeral de Subvencións (LXS), o Fondo Galego poderá concertar con terceiros a execución de actividades que constitúen o obxecto da subvención.

Así mesmo o Fondo Galego terá as obrigas previstas no convenio máis as consignadas no artigo 14 da LXS.

Cuarta.- O importe total desta iniciativa cífrase en OCHENTA Y DOS MIL DOSCIENTOS CUARENTA Y TRES EUROS CON SETENTA Y SIETE CENTIMOS (82.243,77€). O Concello de Vigo comprométese a aportar un total de CINCUENTA Y DOS MIL EUROS(52.000,00 €) con cargo á partida orzamentaria 2310.4800001 do vixente orzamento de gastos do Concello de Vigo.

Esta subvención é compatible con todas aquelas que poda recibir o Fondo Galego doutras administracións para a mesma finalidade, sempre que o importe global non supere o custe total do proxecto obxecto de subvención. No caso de cofinanciamento dun proxecto por varias administracións, farase constar na xustificación, detallando as fontes dos recursos económicos do mesmo.

Quinta.- A vixencia do presente convenio será ata o 31 de decembro de 2011, sen prexuízo da posibilidade de estender a colaboración por medio dun novo instrumento convencional, logo de avaliada a experiencia posta en marcha. O seu seguimento será efectuado polo Fondo Galego.

Sexta.- A/o técnica/o responsable do convenio do Concello de Vigo poderá recabar do Fondo Galego informes técnicos específicos sobre aspectos concretos relativos ós proxectos de cooperación que financie, podendo acceder en todo momento á documentación existente.

Sétima.- Prazos de Pagamento

O pagamento farase efectivo en dúas fases:

- O 50% da cantidade anual á sinatura do convenio entre as partes.
- O 50% restante unha vez xustificadas os gastos realizados mediante xustificantes orixinais ou demais documentos acreditativos dos gastos conformados e selados polo presidente do Fondo Galego de Cooperación e memoria anual, coa preceptiva certificación do cumprimento do convenio asinada polo presidente do Fondo Galego de Cooperación.

Serán gastos subvencionables todos os directamente relacionados coas actuacións obxectivo do convenio e recollidos no orzamento presentado polo Fondo Galego de Cooperación para o exercicio da subvención.

Oitava.- Xustificación da subvención

O Fondo Galego de Cooperación e Desenvolvemento comprométese a presentar antes do día 31 de marzo de 2012, no Rexistro Xeral do Concello, a xustificación do cumprimento, con destino aos Servizos Sociais, achegando a seguinte documentación:

1.Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos con datos dos números de persoas beneficiadas.

2.Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas que conterà:

- Unha relación clasificada dos gastos subvencionados.
- Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.
- Xustificantes orixinais pola a cantidade subvencionada polo Concello de Vigo selados polo Fondo Galego de Cooperación e conformados polo seu presidente.

3.Declaración xurada do perceptor, acreditativa dos seguintes extremos:

- Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada para o que o parceiro local do país onde se ten executado o proxecto, certifique o gasto realizado e sexa certificado igualmente polo Fondo Galego de Cooperación.
- Que foron aboadas aos seus expedidores ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.
- Declaración de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social utilizando o réxime simplificado de acreditación do artigo 31 da Lei 9/2007 de subvención de Galicia.
- Declaración xurada do presidente do Fondo Galego de cooperación e Solidaridade na que conste que a actividade para a cal o Concello de Vigo concedeu a subvención, foi realizada na súa totalidade co cumprimento das condicións que motivaron a súa concesión, e que os fondos foron aplicados a finalidade destinada como compromisos adquiridos neste convenio.

4. Carta de pago do reintegro que proceda en supostos de remanentes non aplicados, excesos obtidos sobre o custe da actividade subvencionada e o interese de demora correspondente.

A comprobación da subvención corresponderalle á/o técnica/o designada/o na cláusula sexta, será a/o encargada/o de recabar toda a documentación de seguimento da execución da subvención, que emitirá un informe indicando se a documentación e completa según do estipulado neste convenio.

Este informe incorporarase ao expediente para a súa fiscalización xunto coa conta xustificativa.

Novena.- No caso de incumprimento do presente Convenio, transgresión na súa execución ou desestimación por parte da entidade asociativa, procederase a súa inmediata resolución. Concorrendo estes supostos, o Fondo Galego reintegrará ao Concello as contías aboadas con recargos e intereses a que houbera lugar, de conformidade coa normativa que lle resulte de aplicación e nos prazos máis perentorios que a mesma dispuxera.

Decima.- As lagoas ou diverxencias que puideran apreciarse na aplicación do presente convenio integraranse, interpretaranse e resolveranse motivadamente polo órgano concedente, e contra as súas resolucións, e polo carácter administrativo deste Convenio, caberá interpor os oportunos recursos administrativos e xurisdicionais na orde contencioso-administrativa, ou calquera outros recursos e accións que en Dereito procedan.

Undécima.- A lexislación aplicable é a que sinala o artigo 5 da LXS, que se refire ao réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletorio que resulta da súa disposición final primeira; e o seu regulamento de desenvolvemento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo de 2006; a Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, as bases de execución do orzamento do Concello de Vigo para o ano 2011; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

E de conformidade cos termos do convenio, as partes asínano no lugar e data indicado no encabezamento.

6(965).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 82.284,25 € A FAVOR DA EMPRESA “SERVICIOS AUXILIARES DE MANTENIMIENTO Y LIMPIEZA S.L. (SAMYL S.L.) POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO INTEGRAL DOS CEMITERIOS. EXPTE. 9387/255.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 8.08.11, e de acordo co informe-proposta do técnico de Admón. Especial, do 2.08.11, conformado pola concelleira-delegada de Medio Ambiente, Igualdade e Xuventude, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar a indemnización substitutiva a favor da empresa “Servicios Auxiliares de Mantenimiento y Limpieza, S.L.” (SAMYL S.L.) polo importe de 82.284,25 euros, co IVE engadido, como pago da factura polos servizos de limpeza, acondicionamento e mantemento integral dos cemiterios municipais prestados nos meses de febreiro, marzo, abril, mayo e xuño de este ano, con cargo á partida orzamentaria 1640.2279900 do exercicio vixente.

7(966).- ADXUDICACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA O ALLEAMENTO DE VEHÍCULOS E CHATARRA. EXPTE. 3670, 3544, 3669 DE 241.

Examinadas as actuacións do expediente e de conformidade coa proposta da Mesa de Contratación que tivo lugar o 27.07.11, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Allear a DESGUACES MINGOS:

- O lote de 157 vehículos para chatarra (expedientes 3544 e 3669 – 241) por un prezo de 20250 € (IVE incluído).
- O Camión PO-6620-AG por un prezo de 600 € (IVE incluído).
- O Furgón PO-1650-U por un prezo de 400 € (IVE incluído).
- O Ausa Dumper por un prezo de 150 € (IVE incluído).
- O xenerador (005), tipo bombeo, por un prezo de 40 € (IVE incluído).
- Os Retais de cable de aluminio illado por un prezo de 0,60 €/kg (IVE incluído).

2º.- Allear a DESGUACES PEINADOR:

- O Turismo PO-6944-AV por un prezo de 155,25 € (IVE incluído).
- O Turismo PO-4215-BD por un prezo de 156,75 € (IVE incluído).
- O Xenerador (006), tipo Matacas, por un prezo de 410 € (IVE incluído).
- O Rodillo Lebrero por un prezo de 486 € (IVE incluído).
- O Compresor Bético por un prezo de 500 € (IVE incluído).
- A Motocicleta PO-5869-BD por un prezo de 55 € (IVE incluído).
- A Motocicleta 3970-BSV por un prezo de 50 € (IVE incluído).

3º.- Allear a ALUMISEL:

- O Camión PO-2778-O por un prezo de 2300 € (IVE incluído).
- O Camión PO-3869-O por un prezo de 1650 € (IVE incluído).
- O Camión PO-6700-A por un prezo de 1580 € (IVE incluído).
- Chatarra diversa de ferro por un prezo de 0,23 €/kg (IVE incluído).
- Retais de cable de cobre illado por un prezo de 2 €/kg (IVE incluído)”.
”.

NESTE INTRE INCORPÓRASE Á REUNIÓN O CONCELLEIRO SR. RODRÍGUEZ ESCUDERO.

8(967).- RÉXIME DE FUNCIONAMENTO DO AUDITORIO PAZO DE CONGRESOS “MAR DE VIGO”. EXPTE. 3716/241.

A Xunta de Goberno local retira este expediente para mellor estudo.

9(968).- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE VIXILANCIA EN CEDRO E NAS UBAS. EXPTE. 56120/301.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 5.08.11 e de conformidade coa proposta da Mesa de Contratación que tivo lugar o 1.08.11, a Xunta de Goberno local acorda:

Adxudicar á mercantil EULEN SEGURIDAD, S.A. por procedemento aberto e ordinario a contratación do SERVIZO DE VIXILANCIA DAS INSTALACIÓNS DE CEDRO, (EXPTE. 56120-301) por un prezo total de 126.024,00 euros (IVE incluído).

Todo o anterior de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto aprobado por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.

Previamente a sinatura do contrato o adxudicatario terá que acreditar o pagamento dos anuncios de licitación por importe de 607,50 euros.

10(969).- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO PAR AA CONTRATAICÓN DO SERVIZO DE COLABORACIÓN EN PROCEDEMENTOS DE RECADACIÓN EN PERÍODO EXECUTIVO DE INGRESOS MUNICIPAIS DE DEREITO PÚBLICO E PROCEDEMENTOS SANCIONADORES EN MATERIA DE TRÁFICO. EXPTE. 10075/541.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 5.08.11 e de conformidade coa proposta da Mesa de Contratación que tivo lugar o 1.08.11, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Adxudicar á mercantil SERVICIOS DE COLABORACIÓN INTEGRAL, S.L. por procedemento aberto e ordinario a contratación do SERVIZO DE COLABORACIÓN EN PROCEDEMENTOS DE RECADACIÓN EN PERÍODO EXECUTIVO DE INGRESOS MUNICIPAIS EN MATERIA DE TRÁFICO, (EXPTE. 10075-541) por un prezo total de 11.888.000,06 euros (IVE incluído).

Todo o anterior de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto aprobado por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.

11(970).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 168.099,27 € A FAVOR DE LIMPIEZAS DEL NOROESTE S.A. POLO SERVIZO DE LIMPEZA NAS DEPENDENCIAS MUNICIPAIS (ABRIL 2011). EXPTE. 19225/240.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 4.08.11, e de acordo co informe-proposta da técnico de Admón. Especial, do 27.07.11, conformado pola concelleira de Patrimonio, a Xunta de Goberno local acorda:

Aboar en concepto de indemnización substitutiva a empresa Limpiezas del Noroeste S.A., en concepto de indemnización substitutiva, a cantidade de 168.099,27 euros, corresponde ó adeudado á empresa perante o mese de abril de 2011, polo servizo de limpeza nas dependencias municipais do Concello de Vigo, que se imputarán a partida presupuestaria 9220.2270000.

12(971).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 167.300,28 € A FAVOR DE LIMPIEZAS DEL NOROESTE S.A. POLO SERVIZO DE LIMPEZA NAS DEPENDENCIAS MUNICIPAIS (MAIO 2011). EXPTE. 19226/240.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 4.08.11, e de acordo co informe-proposta da técnico de Admón. Especial, do 28.07.11, conformado pola concelleira de Patrimonio, a Xunta de Goberno local acorda:

Aboar en concepto de indemnización substitutiva a empresa Limpiezas del Noroeste S.A., en concepto de indemnización substitutiva, 167.300,28 euros, corresponde ó adeudado á empresa perante o mese de maio de 2011 polo servizo de limpeza das dependencias municipais, que se imputarán a partida presupuestaria 9220.2270000.

13(972).- DEVOLUCIÓN DE FIANZAS.

Examinadas as actuacións dos expedientes, vistos os informes de fiscalización e os informes do xefe da Oficina Administrativa de Contratación, a Xunta de Goberno local acorda:

A) Devolver a XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS S.L. a fianza por importe de 3.583,40 € constituída para responder da “mellora do contorno da Praza da Igrexa de S. Andrés de Comesaña” xa que as obras foron recibidas mediante acta de 30.07.07, por se executaren conforme as condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía. Expte. 3591/241.

B) Devolver a CONSTRUCCIONES DEPORTIVAS INDEPO S.L. a fianza por importe de 14.051,72 € constituída para responder das “obras en campo de fútbol de Bouzas en reparacións en Samil e Travesas” foron recibidas mediante acta de 11.08.09 por se executaren conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía. Expte. 3713/241.

14(973).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS DO PROCEDEMENTO ABERTO PARA O CONTRATO DE MEDIACIÓN DE SEGUROS PRIVADOS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 18701/240.

Examinadas as actuacións do expediente e de conformidade coa proposta da Mesa de Contratación que tivo lugar o día 17.08.11, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no procedemento de referencia, no seguinte orde decrecente:

- 1.- B.V.C. ARTAI CORREDURIAS DE SEGUROS, S.A.: 79 puntos.
- 2.- AON GIL Y CARVAJAL, S.A.U CORREDURIA DE SEGUROS.: 71,50 puntos.
- 3.- CXG WILLIS CORPORATION CAIXA GALICIA CORREDURIA DE SEGUROS, S.A.: 64 puntos.
- 4.- UTE MARSH, S.A.- CAMPOS&RIAL, S.A.: 61 puntos.

Segundo.- Requerir o licitador clasificado en primeiro lugar , B.V.C. ARTAI CORREDURIAS DE SEGUROS, S.A. para que presente, no prazo dos dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 135.2 LCSP):

Para a acreditación do cumprimento das súas obrigas tributarias e para coa Seguridade Social deberá presentar orixinais ou copias auténticas dos seguintes documentos:

- Certificacións expedidas polos órganos competentes do estado, da comunidade autónoma de Galicia , coa forma e cos efectos previstos nos art. 13, 14, 15 e 16 do RXLCAP, acreditativas de estar ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias e coa SS.SS. impostas nas disposicións vixentes.
- Alta no IAE, referida ao exercicio actual, ou o derradeiro recibo, completado cunha declaración responsable de non terse dado de baixa na matrícula do citado imposto.

Para a acreditación da efectiva disposición dos medios materiais e humanos que se comprometése a adscribir a execución do contrato deberá presentar:

1º) Para acreditar a existencia de centro/s de traballo en Vigo:

- Copia compulsada do documento que acredite o dereito á posesión do local/is.
- Copia compulsada do recibo do IAE ou da declaración de alta ou de estar exento correspondente ao local/is.

2º) Para acreditar o persoal do equipo de traballo proposta a maiores achegarase a mesma documentación que a esixida para o persoal do equipo de traballo mínimo esixido.

3º) Para acreditar a radicación en Vigo do persoal do equipo de traballo que se propón deberá presentar documento expedido pola seguridade social acreditativo da adscrición a centro/s de Vigo do persoal que o licitante compromete a adscribir ao contrato con radicación na cidade ou documento acreditativo equivalente e suficiente.

Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.

Resguardo da garantía definitiva e, no seu caso, da garantía complementaria esixida.

Terceiro.- Requiritr a empresa clasificadas en primeiro lugar o aboamento de 683,02 € cada unha en concepto de custe dos anuncios de licitación.

Conforme a delegación acordada pola mesa de contratación na súa sesión de data 27.07.2011, o secretario da mesma procederá a formular ó órgano de contratación a proposta de adxudicación do contrato, sempre e cando se cumpran os requisitos de que tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar como a solicitada de oficio pola administración municipal, fosen correctas”.

15(974).- PRIMEIRO PAGO DE AXUDAS DOS REPRESENTANTES MUNICIPAIS NON CONSELLOS ESCOLARES DOS CENTROS DE ENSINO PÚBLICO, PERÍODO XANEIRO-XULLO 2011. EXPTE. 12996/332.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do técnico do Servizo de Educación, do 12.07.11, conformado polo xefe do Servizo e pola concelleira delegada de dita Área, así como pola xefa do Servizo de Fiscalización, a Xunta de Goberno local acorda:

Aproba-la cantidade de 4.944,96.-€ (CATRO MIL NOVECIENTOS COARENTA E CATRO CON NOVENTA E SEIS EUROS) en concepto de asistencias ás sesións dos Consellos Escolares, con cargo á Partida Presupostaria 3210.233.00.00 dietas representación en consellos escolares, e desglosadas entre os representantes municipais do seguinte xeito:

Zona 1.- PEDRO M^a VAZQUEZ IGLESIAS, NIF: 11.904.805-M, GRUPO A2
(18/01/2011 – 29/06/2011)41 X 39,78.-€ 1.630,98.-€

Zona 2.- MARÍA LUISA OTERO VÁZQUEZ, NIF: 36.000.484-X, GRUPO C
(18/01/2011 – 30/06/2011)31 X 36,72.-€ 1.138,32.-€

Zona 3.- ROSA MARÍA TORRES BOUZAS, NIF: 36.019.300-N, GRUPO C
(18/01/2011 – 11/07/2011) 30 X 36,72.-€ 1.101,6.-€

Zona 4.- IGNACIO OJEA PÉREZ, NIF: 36.046.809-J, GRUPO A
(25/01/2011 – 27/06/2011)27 X 39,78.-€ 1.074,06.-€

16(975).- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á CONXELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR PARA O PROXECTO “APOIO Á CIDADANÍA NA XESTIÓN ADMINISTRATIVA” NO MARCO DE PROGRAMAS DE COOPERACIÓN PARA O ANO 2011. EXPTE. 8410/77.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, do 4.08.11, conformado polo concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto denominado “Apoio a cidadanía na xestión administrativa”, no marco dos Programas de Cooperación para o ano 2011.

2º.- Solicitar á Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia a subvención contemplada no citado proxecto polo importe de 209.643,00€, de acordo co establecido na normativa que regula a orde do 30 de decembro de 2010 pola que se convocan axudas e subvencións destinadas ao fomento do emprego a través de programas de cooperación.

3º.- Asumir as obrigas económicas que ao Concello lle podan corresponder no desenvolvemento do proxecto, mediante a dotación, nos presupostos municipais dos anos 2011 e 2012, das correspondentes partidas para o cofinanciamento deste proxecto.

4º.- Delegar no concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado a representación do concello na tramitación da solicitude de subvención diante da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia.

17(976).- PROMOCIÓN DA CUALIFICACIÓN COMO ILE (INICIATIVA LOCAL DE EMPREGO) DA EMPRESA “TERAPIA CON.TACTO C.B.” EXPTE. 8497/77.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, do 5.08.11, conformado polo concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, a Xunta de Goberno local acorda:

Promover ante a Consellería de Traballo e Benestar, a cualificación como Iniciativa Local de Emprego do proxecto empresarial denominado TERAPIA CON.TACTO, C.B., sendo necesario para isto a participación municipal, que consistirá no seguinte:

- Apoio pola Servizo de Promoción Económica e Emprego do Concello de Vigo coa elaboración e estudo, por parte dunha técnica do servizo, dun informe económico de viabilidade do proxecto xunto co seu asesoramento na solicitude e información e asesoramento sobre axudas municipais vixentes.

- Cooperación e apoio cara a axilizar os trámites administrativos de competencia municipal para a súa posta en funcionamento.

- Terá preferencia, de acordo coas correspondentes bases reguladoras, na concesión das Axudas Municipais á Creación de Empresas ás que, de ser o caso, opte.

- Terá preferencia, na concesión das Axudas PEIM que, de ser o caso, opte.(ditas bases aprobaronse na comisión de goberno de data 18 de decembro do 2000, sendo modificadas na Xunta de Goberno Local do 14 de marzo do 2011)

18(977).- PRÓRROGA DO CONTRATO DE ALUGUER DO INMOBLE SITO NA ESTRADA DO VAO Nº 151 PARA A ESCOLA OBRADOIRO MAR DE VIGO V. EXPTE. 8380/77.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, do 30.06.11, conformado polo concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar a prórroga do contrato de aluguer do inmovible sito na Estrada do Vao nº 151 desta cidade, do que é propietaria a "Comunidad de Herederos de Adolfo Abraín Domingo", con CIF E36746527, representada por D Adolfo S. Abraín de Castro, con NIF 00.704.989-Q.

2º.- Aprobar ó pago do aluguer polo montante de 26.904,00 €, (vinte seis mil novecentos catro euros) sendo a duración da prórroga do contrato por seis meses (6 meses), dende o día 01/07/2011 ata o día 31/12/2011. Este pago poderá imputarse contra a partida 2410 2020000 "Aluguer de inmobles" do vixente presuposto, estando esta partida dotada con saldo suficiente para facer efectivo o pago.

19(978).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO DESEÑO E PRODUCCIÓN DAS CARROZAS PARA A CABALGATA DE REIS 2012. EXPTE. 4016/335.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico, do 19.07.11, o informe de fiscalización do 8.08.11, e de acordo co informe-proposta da técnica do Servizo de Festas, do 16.07.11, conformado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural e pola concelleira delegada da Área de Cultura e Festas, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o expediente de contratación do servizo de deseño e produción das carrozas para a Cabalgata de Reis 2012, que contén o prego de prescricións técnicas particulares de 22/03/2011 e o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación de servizos de data 29/03/2011.

2º.- Aprobar o gasto de 50.000,00 euros para a contratación do devandito servizo, que se imputarán á bolsa de vinculación da partida 3380.226.0901 do vixente presuposto de Animación Sociocultural.

3º Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista mediante a consulta con polo menos tres empresarios capacitados para a execución do contrato.

20(979).- REAXUSTES DE HORARIOS DE PRESTACIÓN DO SERVIZO DE SALVAMENTO E SOCORRISMO EN DETERMINADOS AREAIS DO CONCELLO. Expte. 7057/306.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Medio Ambiente, do 23.08.11, conformado pola concelleira delegada de Medio Ambiente, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Aprobar a reordenación de horarios do servizo de salvamento e socorrismo en determinados areas de Vigo, en execución durante este ano 2011, de conformidade co seguinte cadro:

AREAIS 2011	XUÑO E SETEMBRO		XULLO E AGOSTO	
	Días laborais	Fin de semana e festivos	Días laborais	Fin de semana e festivos
FIGUEIRAS (Cíes)	13:00 a 19:00 horas	11:00 a 20:00 horas	11:45 a 20:00 horas	
RODAS (Cíes)				
NOSA SEÑORA (Cíes)				
O TOMBO DO GATO	Sen servizo	12:00 a 20:00 horas	12:00 a 20:00 horas	
O VAO	16:00 a 20:00 horas	12:00 a 20:00 horas	11:00 a 20:00 horas	
FORTIÑÓN	16:00 a 20:00 horas	12:00 a 20:00 horas	12:00 a 20:00 horas	
SAMIL	16:00 a 20:00 horas	12:00 a 20:00 horas	12:00 a 20:00 horas	
A PUNTA	Sen servizo	12:00 a 20:00 horas	12:00 a 20:00 horas	
ARGAZADA	Sen servizo	12:00 a 20:00 horas	11:00 a 20:00 horas	
FONTAÍÑA	Sen servizo	12:00 a 20:00 horas	11:00 a 20:00 horas	
CANIDO	Sen servizo	12:00 a 20:00 horas	11:00 a 20:00 horas	

Dita reordenación de horarios supón a redución da prestación do servizo en 695 horas das 18.756 previstas anualmente, o que representa unha diminución no total do contrato do 1,85%.

Segundo.- Aprobar, de conformidade coa dita reorganización de horarios, a redución do seu prezo para este ano 2011 de 6.143,8 euros sen IVE (7.249.68 € con IVE), dos 186.323,015 euros sen IVE (219.861,16 € IVE engadido) previstos, cuxa compensación se efecturá no pagamento correspondente ao mes de setembro do contrato, sen prexuízo da revisión de prezos que proceda conforme ao establecido no apartado 9 das FEC do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares.

21(980).- DESESTIMENTO DO PROCEDEMENTO DE NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE PARA A SUBMINISTRACIÓN DE ELEMENTOS VEXETAIS. EXPTE. 6170/446.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe do xefe de Servizo de Partes e Xardíns, do 5.08.11, que di o seguinte:

O técnico que suscribe informa que actualmente atópase en tramitación o expediente 5891/446 “Subministro de elementos vexetais por procedemento de negociado sin publicidade”, dado que as necesidades actuais do servizo cambiaron sustancialmente e os artigos deberán variarse en función das novas necesidades.

E polo que se fai a Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

Aprobar o desestimento do expediente Subministro de Elementos Vexetais por procedemento de negociado sin publicidade.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

22(981).- ENAXENACIÓN DE VEHÍCULOS E MAQUINARIA PARA CHATARRA. EXPTE. 8613/445.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do Parque Móbil, do 26.07.11, conformado polo concelleiro de Fomento, a Xunta de Goberno local acorda:

Dar de baixa como despezamento no patrimonio municipal os vehículos e maquinaria que de seguido se relacionan:

Nº flota	Matrícula	Tipo
114	PO-50184-VE	Máquina
307	PO-7448-BJ	Furgón
368	PO-7663-AS	Turismo
375	PO-6943-AV	Turismo
380	PO-4213-BD	Turismo
381	PO-4214-BD	Turismo
422	PO-1577-AV	Turismo
430	PO-7662-AS	Turismo
432	PO-0953-AX	Turismo
473	PO-1579-AV	Turismo

23(982).- REVISIÓN DE PREZOS DO SERVIZO DE CONSERXERÍA E ATENCIÓN AO PÚBLICO NOS CENTROS CÍVICOS. EXPTE. 2260/321.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de participación e Atención Cidadá, do 6.05.11, conformado polo concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, e a interventor acctal., que di o seguinte:

A empresa IMESAPI S.A., adxudataria do contrato de atención ao público e conserxería dos Centros Cívicos, por acordo da Xunta de Goberno Local de 21 de xaneiro de 2008 ten dereito, conforme o prego de prescricións administrativas, á correspondente revisión de prezos do contrato.

O prego de condicións administrativas establece na cláusula 3.2.1. que, “Os prezos da presente contratación poderán ser obxecto de revisión, cando deste xeito se determine a súa procedencia no apartado 9.1 da FEC (follas de cláusulas administrativas), conforme a fórmula ou sistema de revisión indicado no apartado 9.2 da FEC...”

Á súa vez, o apartado 9.2 das Follas de Características do Contrato (FEC) dispón:

“Procederá a primeira revisión de prezos transcorrido un ano dende a data de inicio do contrato e recollerá a variación experimentada polo IPC nacional no período que medie entre a data de revisión e a apertura de proposicións económicas.

As seguintes revisións faranse transcorrido un ano dende a inmediata anterior e recollerán a variación que experimente o IPC nacional no período comprendido entre a data de revisión de prezos e a da revisión inmediatamente anterior”.

A Mesa de contratación de data 28 de novembro de 2007 procedeu á apertura da documentación das ofertas presentadas.

A Xunta de Goberno Local adoptou os seguintes acordos:

- Con data 21 de xaneiro de 2008, adxudicar a Imesapi SA, os servizos de atención ao público e conserxería dos centros cívicos municipais, por un importe anual de 89.775,00 €. (expte. 1337-321)
O prazo do contrato, segundo a cláusula 3ª do documento administrativo de formalización deste, é de dous anos.*
- Con data 27 de marzo de 2009, aceptar a revisión de prezos do servizo, cun incremento de 538,65 €. (expte. 1733-321)*
- Con data 21 de decembro de 2009, autorizar a prórroga do contrato para o período comprendido entre o 1 de marzo de 2010 ao 28 de febreiro de 2011. (expte. 1876-321)*

Con motivo da entrada en vigor da reforma da Lei 37/1992, operada pola Lei 26/2009, de Presupostos Xerais do Estado para o ano 2010, relativa á modificación do tipo impositivo do IVE, incrementouse o prezo do contrato, nas facturas correspondentes a servizos prestados a partir do mes de xullo de 2010, polos seguintes importes: 778,56 € (xullo-decembro/2010) e 259,52 € (xaneiro-febreiro/2011). Deste xeito, o prezo do contrato, co incremento do 2% do IVE quedou establecido en 91.351,73 €,

- Con data 20 de setembro de 2010, acordouse a segunda revisión de prezos, cun incremento de 730,81 € (expte. 1998-321)*

- Por último, con data 7 de febreiro de 2011, autorizouse a 2ª prorroga do contrato para o período comprendido entre o 1 de marzo de 2011 ao 29 de febreiro de 2012, polo importe de 92.605,75 € (expte. 2100-321)

Por outra banda, o INE certifica que, no período comprendido entre o mes de febreiro de 2010 (revisión inmediatamente anterior), e o mes de febreiro de 2011 (data de revisión), o incremento relativo é do 3,6 %.

O incremento do importe supón a cantidade de 3.333,81 € e corresponde ao período comprendido entre os meses de marzo de 2011 e febreiro de 2012.

Polo anteriormente exposto Propoño a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Aceptar a revisión de prezos do servizo de atención ao público e conserxería dos centros cívicos, segundo establece o prego de cláusulas administrativas, no seu punto 3, por un importe total de 3.333,81 €, que corresponden aos períodos comprendidos entre os meses de marzo a decembro de 2011 polo importe de 2.778,18 €, con cargo a partida 9241 2279904 do presuposto corrente, e de xaneiro a febreiro de 2012, polo importe de 555,63 € con cargo a partida 9241 2279904 do presuposto correspondente ao ano 2012.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

24(983).- RENUNCIA Á CELEBRACIÓN DA CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS TÉCNICOS NO CAT (CENTRO DE ARTESANÍA TRADICIONAL). EXPTE. 6009/307.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da concelleira de Urbanismo, Cascos Históricos e Grandes Proxectos, do 26.07.11, que di o seguinte:

Con data 18 de abril de 2011 a Xunta de Goberno Local, aprobou a contratación dos servizos técnicos do Centro de Artesanía Tradicional (expte.: 6009-307).

Durante o prazo sinalado no anuncio do Concello de Vigo para a presentación de proposicións, publicado no DOG nº 91 (11 de maio de 2011), no BOP nº 90 (11 de maio de 2011) e no PERFIL DO CONTRATANTE (28 de abril de 2011) para a contratación por concurso aberto dos “servizos técnicos no Centro de Artesanía Tradicional” (expte.: 6009-307) que rematou o día 26 de maio de 2011, presentouse á seguinte proposta:

1. VAN DIVULGACIÓN CULTURAL, S.L.

Ao amparo do artigo 139. apartado 3 da lei 30/2007 de 30 de outubro de contratos do sector Público, o servizo de Patrimonio Histórico prantexa a renuncia á celebración da contratación do servizos técnicos no Centro de Artesanía Tradicional dacordo as seguinte razón de interes público:

A consecuencia do cambio de corporación polas recentes eleccións municipais, estase a traballar nunha reorganización dos servizos, encamiñada a conquistar un mellor aproveitamento dos recursos técnicos e económicos desta organización municipal.

Deste xeito, considérase que o Centro de Artesanía Tradicional, que ten como obxectivo a promoción, divulgación e investigación dos oficios artesanais tradicionais de Galicia, non é competencia do servizo de Patrimonio Histórico.

Á vista do exposto, faise á Xunta de Goberno local a seguinte:

PROPOSTA:

“Renunciar á celebración da contratación do servizos técnicos no Centro de Artesanía Tradicional (expte.: 6009-307) polas razóns de interese público expostas”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

25(984).- GRATIFICACIÓN POR SERVIZOS ESPECIALS E EXTRAORDINARIOS DO PERSOAL DOS DISTINTOS SERVIZOS CORRESPONDENTES AOS MESES DE FEBREIRO E XUÑO DE 2011. EXPTE. 22181/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 8.08.11, e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Recursos Humanos, do 27.07.11, conformado polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Asignar unha gratificación por servizos especiais e extraordinarios correspondente os meses de Febreiro e Xuño-2011 (inclúe atrasos meses febreiro, marzo e abril-2011 do servizo de Extinción de Incendios) con cargo á partida presupostaria 121.0.151.00.00-GRATIFICACIÓNS, que se aboará na nómina do vindeiro mes, ó persoal dos servizos que a continuación se indican:

Parque Central (Medio Ambiente)	De Manuel Alonso Iglesias a Florentino Prieto Domínguez	Febreiro-2011	337,00
Parque Central	De Emilio Aira Pereiro a Bernardo Rodríguez Lestón	Febreiro-2011	299,00
Parque Móbil (Limpieza)	De Angel Alonso González a Manuel Quintas Pérez	Febreiro-2011	174,00
Parque Móbil	De Manuel Alonso Iglesias a Eduardo Vázquez González	Febreiro-2011	577,00
Parque Móbil (Desinfección)	De Jesús Pérez Tomé	Febreiro-2011	36,00
Montes, Parques e Xardíns	De Alfonso Casas Iglesias a José Luis Vidal Alvarez	Febreiro-2011	337,00
Alcaldía (Oficina)	De Raquel Abalde Comesaña	Febreiro-2011	78,30
Alcaldía (conductores)	De Basilio Costas Fernández a Camilo Fontán Balbuena	Xuño-2011	220,00
OSPPIO	De Angel Ferro Mancho a Loreto Romero Gil-Delgado	Febreiro-2011	180,00
1ª Tenencia Alcaldía	De José Luis Pérez Costas	Xuño-2011	15,00
Extinción Incendios	De Rubén Alonso Barcia a Alberto Villar Gutierrez	Xuño-2011	1.120,00
Cultura	Ramón Vázquez Martínez	Febreiro-2011	29,00
Policia Local (Xulgados)	De Mariano Alonso Iglesias a Juan G. Vivero Mijares	Xuño-2011	848,00

Policia Local (Horas en exceso)	De M ^a José Álvarez Domínguez a Lucía Vidal Lorenzo	Xuño-2011	854,20
Vías e Obras	De José L. Amoedo Cabaleiro a Federico Rodríguez Prieto	Febreiro-2011	425,00
Inspección Vías e Obras	De Benito Barciela Simón a Rimundo Villar Estevez	Febreiro-2011	151,00
Desinfección	De A. Avelino Pardellas Avión a José Ramón Seijas Álvarez	Febreiro-2011	388,00
Conserxería	De Patricia Romero Gil-Delgado a Adolfo Pérez Vila	Xuño-2011	35,60
Recursos Humanos	Amelia Aragunde Martínez	Febreiro e Marzo- 2011	25,82

O montante do presente expediente ascende a un total de 52.465,73 €

26(985).- ABOAMENTO DE COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE AOS OFICIAIS CONDUTORES DA TENENCIA DA ALCALDÍA, SEGUNDO TRIMESTRE 2011 (1 DE ABRIL – ATA 10 DE XUÑO). EXPTE.22192/220.

A Xunta de Goberno local retira este expediente.

27(986).- ABOAMENTO DE COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE DOS CONDUTORES DE SEGURIDADE DA TENENCIA-ALCALDÍA, DURANTE O 1º SEMESTRE 2011(1 DE XANEIRO – ATA 10 DE XUÑO). EXPTE.22193/220.

A Xunta de Goberno local retira este expediente.

28(987).- ABOAMENTO DO COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE AOS OFICIAIS CONDUTORES ADSCRITOS AO GABINETE DA ALCALDÍA CORRESPONDE AO 1º SEMESTRE DE 2011. EXPTE. 22231/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 8.08.11, e de acordo co informe-proposta do técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos, do 22.07.11, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e concelleiro-delegado de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Aboar ós seguintes funcionarios, que prestan servicios como conductores adscritos a Alcaldía, as cantidades que para cada un deles se especifica, polo especial rendemento e dedicación extraordinaria no desenvolvemento dos seus postos de traballo, mais alá do meramente esixible polo desempeño das súas funcións públicas, de conformidade co regulamentado no artigo 5 do R. decreto 861/86, de 25 de abril, durante os meses de outubro e novembro do presente ano 2010, de conformidade coa proposta do Xefe de Relacións Públicas e Protocolo, de data 20 de xullo de 2011:

- D. Basilio Costas Fernández, núm. persoal 10257, conductor da Alcaldía, por un importe total de 4.008,17 €.

- D. Camilo Fontán Balbuena, núm. persoal 22326, conductor da Alcaldía, por un importe total de 4.897,69 €.

Dese traslado da presente resolución ós interesados, ó Comité de Persoal e á Intervención Xeral, debendo expoñerse, así mesmo, no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello por prazo de quince días.

29(988).- GRATIFICACIÓN POR SERVIZOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS DO PERSOAL DA POLICÍA LOCAL POR SERVIZOS DE GRAN GALA CON MOTIVO DO “DÍA DE GALICIA” EXPTE. 22232/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 8.08.11, e de acordo co informe-proposta da técnica de Avaliación e Formación de Recursos Humanos, do 1.08.11, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e concelleiro-delegado de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñece-las obrigas que polo concepto de gratificación por servizos especiais prestados con motivo do “Día de Galicia”, aboarase o persoal da Policía Local que figuran na relación que se achega no expediente e que comeza por don Manuel Conde Vázquez e remata por don David Fernández González por unha cantidade total de 474’28 €.

30(989).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE POR CONDUCIR VEHÍCULO MUNICIPAL SEN SER OFICIAIS CORRESPONDENTES AO 2º TRIMESTRE 2011. EXPTE. 22183/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 8.08.11, e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Recursos Humanos, do 28.07.11, conformado polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñece-las obrigas que en concepto de complemento de produtividade polos servizos prestados polo persoal dos servizos de Extinción de Incendios, Electromecánicos, Parque Central, Parque Mobil, Cultura, Desinfección, Omic, Sanidade, Vías e Obras, Educación e Tráfego, aboaráselle por conducir un vehículo lixeiro municipal, non sendo oficial conductor, as cantidades que figura na relacións que se achegan no expediente, por un importe total de 3.419,18 € correspondentes ó 2º trimestre de 2011 e con cargo ao RC nº 7354 da partida presupostaria 922.0.150.00.00-PRODUCTIVIDADE.

31(990).- DAR CONTA DA ENCOMENDA DE FUNCIONS Á FUNCIONARIA D^a M^a JOSÉ RODRÍGUEZ MARTÍNEZ NO 2º SEMESTRE DE 2011. EXPTE 22266/220.

A Xunta de Goberno local retira este expediente.

32(991).- DAR CONTA DA ENCOMENDA DE FUNCIÓNS Á FUNCIONARIA D^a JUANA ABALDE POSADA NO 2º SEMESTRE DE 2011. EXPTE 22264/220.

A Xunta de Goberno local retira este expediente.

33(992).- DAR CONTA DA ENCOMENDA DE FUNCIÓNS Ó FUNCIONARIO D. ALFONSO BERROS PÉREZ NO 2º SEMESTRE 2011. EXPTE 22265/220.

Dáse conta da Resolución do concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, do 10.08.11, que di o seguinte:

En data 29 de xullo de 2011, o Enxeñeiro Xefe do Servizo de Vías e Obras co conforme do Concellerío-delegado da Área, solicita que ao funcionario municipal D Alfonso Berros Pérez, técnico medio de Vías e Obras con número de persoal 78966, continua co desempeño das funcións encomendadas de xeito provisional e ata o 31 de xullo de 2011, e en tanto non se cree na plantilla municipal o posto de enxeñeiro técnico para a dirección e coordinación do Taller de Vías e Obras, as funcións propias deste posto xunto cos traballos que inicialmente ven desempeñando no Servizo de Vías e Obras de supervisión e control de servizos no termo municipal de Vigo, funcións que xa realizou dende o 22 de outubro de 2010 e ata o 31 de xullo de 2011, segundo resolucions do Concellerío de Xestión Municipal de data 22 de outubro de 2010 e 28 de xaneiro de 2011

Considerando o disposto no artigo 73.2 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (BOE nº 89, do venres 13 de abril do 2007) que preceptúa que as Administracións Públicas poderán asignar ao seu persoal funcións, tarefas ou responsabilidades distintas ás correspondentes ao posto de traballo que desenvolvan, sempre que resulten adecuadas á súa clasificación, grao ou categoría, cando as necesidades do servizo así o xustifiquen e sen merma das retribucións;

No uso das competencias que a normativa vixente en materia de réxime local lle confire á Alcaldía-Presidencia en canto á superior dirección do persoal municipal, contidas no artigo 124.4.i) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, e que ostento por delegación efectuada en Decreto de data 13 de xuño do 2011 en canto á xefatura directa e inmediata do persoal municipal,

R E S O L V O

“Primeiro.- Encomendar provisionalmente ao funcionario municipal D Alfonso Berros Pérez, técnico medio de Vías e Obras, adscrito a dito servizo, con número de persoal 78966, funcións dirección e coordinación do taller de Vías e Obras, con carácter transitorio e sen prexuízo tanto das tarefas propias do posto de traballo ao cal está adscrito como das características inherentes á praza da cal é titular, baixo a dirección da Xefatura da Área.

Segundo.- A dita encomenda, que en todo caso ten carácter provisional, terá validez dende a data do presente decreto, e como máximo ata o 31 de decembro de 2011, devengando os dereitos retributivos que se establezan consonte á lexislación vixente e instrucións de plantilla anexas á Relación de Postos de Traballo. Na solicitude de aboamento deberá relacionarse de xeito exhaustivo as tarefas levadas a cabo no periodo obxecto de aboamento e deberá acompañarse de listado de control de presenza no que se contemple a maior adicación horaria resultante da realización das

tarefas encomendas amais das correspondentes ao posto ao que se este adscrito. Dito exceso de xornada non será compensable con descansos, compensacion ou redución de xornada nin aboable

Terceiro.- Da presente resolución dese traslado á interesada, concelleiro/a-delegado/a da Área, Xefatura do Servizo de Vías e Obras, Xefatura do Servizo de Recursos Humanos, Planificación e Organización, así como ao Comité de Persoal para coñecemento e efectos.

Cuarto.- Dar conta da presente á Xunta de Goberno Local para o seu coñecemento.”

Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que o dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

34(993).- DAR CONTA DA ACUMULACIÓNS DE FUNCIONS Ó FUNCIONARIO D. FRANCISCO JAVIER GUTIÉRREZ ORÚE. EXPTE 5346/320.

Dáse conta da Resolución do concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, do 10.08.11, que di o seguinte:

Considerando as necesidades organizativas que se demandan polo Concelleiro-delegado da Área de Promoción Económica, Participación Cidadá e Emprego en escritos de data 10/01 e 16/6 do 2011, e atendendo ás circunstancias de que a Xefatura do Servizo de Participacion e Atencion Cidadá atopa-se vacante, resulta imprescindible que con carácter provisional se proceda a contar cun funcionario/a municipal que transitoriamente desenvolva as funcións de responsable dos devanditos servizo.

Considerando o disposto no artigo 73.2 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (BOE nº 89, do venres 13 de abril do 2007), que preceptúa que as Administracións Públicas poderán asignar ao seu persoal funcións, tarefas ou responsabilidades distintas ás correspondentes ao posto de traballo que desenvolvan, sempre que resulten adecuadas á súa clasificación, grao ou categoría, cando as necesidades do servizo así o xustifiquen e sen merma das retribucións;

No uso das competencias que a normativa vixente en materia de réxime local lle confire á Alcaldía-Presidencia en canto á superior dirección do persoal municipal, contidas no artigo 124.4.i) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, e que ostento por delegación efectuada en Decreto de data 13 de xuño do 2011 en canto á xefatura directa e inmediata do persoal municipal,

RESOLVO

“Primeiro.- Encomendar provisional e transitoriamente ao funcionario D. Francisco Javier Gutiérrez Orúe, con nº de persoal 13920, funcións de responsable do Servizo de Participacion e Atencion

Cidada, con carácter transitorio e sen prexuízo das tarefas propias da praza e posto de traballo asociado ao cal está adscrito, así como outras tarefas que lle sexan encomendadas pólo Concelleiro delegado da Área, relacionadas cós servizos adscritos a mesma.

Segundo.- A dita encomenda, que en todo caso ten carácter provisional, terá validez dende a data do presente decreto, dispoñéndose a cesación automática da citada encomenda no momento no cal se produza a cobertura, mediante algun dos mecanismos legamente previstos, do posto de xefe do Servizo de Participación e Atención Cidadá, e en todo caso ata o 31 de decembro de 2011, devengando os dereitos retributivos que se establezan consonte á lexislación vixente e instrucións de plantilla anexas á Relación de Postos de Traballo, . Na solicitude de aboamento deberá relacionarse de xeito exhaustivo as tarefas levadas a cabo no periodo obxecto de aboamento e deberá acompañarse de listado de control de presenza no que se contemple a maior adicación horaria resultante da realización das tarefas encomendas amais das correspondentes ao posto ao que se este adscrito. Dito exceso de xornada non será compensable con descansos, compensación ou redución de xornada nin aboable

Terceiro.- Da presente resolución, que xurdirá efectos a partires do seguinte día ao da súa notificación, dése traslado ao interesado, concelleiro/a-delegado/a da Área, Xefatura da Área de Réxime Interior, Servizo de Recursos Humanos, Planificación e organización, así como ao Comité de Persoal.

Cuarto.- Dar conta da presente á Xunta de Goberno Local para o seu coñecemento.”

Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que o dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

35(994).- DAR CONTA DA ACUMULACIÓN DE FUNCIONS COMO ADMINISTRATIVA DE D^a ROSA M^a OTERO MALVAREZ. EXPTE. 5345/320.

Dáse conta da Resolución do concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, do 10.08.11, que di o seguinte:

Con data 16 de xuño de 2011, o xefe de Participación e Atención Cidadá, solicita que se manteña a acumulación das funcións do posto de administrativo realizada a funcionaria Auxiliar Administrativa Rosa M. Otero Malvarez con nº de persoal 80568, tendo en conta as novas funcións asumidas pola Concellería de Participación Cidadá con motivo da delegación de atribucións de data 5 de xaneiro de 2004, acordo do Pleno de 29 de setembro de 2006 no que se aproba a “Guía de actuación para a recollida, tramitación e seguimento das queixas e suxestións, así como a situación en canto a persoal dos citados servizos nos que se atopan vacantes os postos de Xefa de negociado de Información por

excedencia voluntaria do seu titular (se ben ditas funcións atopanse encomenadas a administrativa do Servizo de Atención Cidadá, por Resolución de data 18 de abril de 2005) , un posto de auxiliar administrativo do Servizo de Atención Cidadá, un de Auxiliar administrativo do Servizo de Participación Cidadá que prestaba os seus servizos na oficina de Distritos e un posto de Xefe de Equipo de Oficinas por xubilación do seu titular. Así mesmo, nos devanditos servizos unha auxiliar é membro da Xunta de Persoal e como tal ten dereito a uso das horas sindicais legalmente prevista e dúas administrativas veñen padecendo sucesivas baixas por enfermidade, o que está a obrigar que as súas funcións sexan desenvolvidas polo demais persoal dos servizos.

Dado que resulta imprescindible manter o correcto funcionamento dos Servizos de atención e Participación Cidadá a fin de garantir a adecuada prestación do servizo público, e considerando o disposto no artigo 73.2 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (BOE nº 89, do venres 13 de abril do 2007) que preceptúa que as Administracións Públicas poderán asignar ao seu persoal funcións, tarefas ou responsabilidades distintas ás correspondentes ao posto de traballo que desenvolvan, sempre que resulten adecuadas á súa clasificación, grao ou categoría, cando as necesidades do servizo así o xustifiquen e sen merma das retribucións.

No uso das competencias que a normativa vixente en materia de réxime local lle confire á Alcaldía-Presidencia en canto á superior dirección do persoal municipal, contidas no artigo 124.4.i) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, e que ostento por delegación efectuada en Decreto de data 13 de xuño do 2011 en canto á xefatura directa e inmediata do persoal municipal,

RESOLVO

“Primeiro.- Encomendar provisionalmente a D^a. Rosa M. Otero Malvarez con nº de persoal 80568, auxiliar de administración xeral do Concello, adscrita ao Servizo de Participación Cidadá, con carácter provisional, as funcións de administrativo de admon xeral na Área de Participación Cidadá, co fin de garantir a adecuada prestación do servizo público, e sen prexuízo tanto das tarefas propias do posto de traballo ao cal está adscrito como das características inherentes á praza da cal é titular, baixo a dirección da Xefatura do Servizo.

Segundo.- A dita encomenda, que en todo caso ten carácter provisional, terá validez dende a data do presente decreto e ata ata que se proceda á oportuna reasignación de efectivos ou cobertura dos postos vacantes no servizo mediante os mecanismos legalmente previstos e en todo caso ata o 31 de decembro de 2011, devengando os dereitos retributivos que se establezan consonte á lexislación vixente e instrucións de plantilla anexas á Relación de Postos de Traballo. Na solicitude de aboamento deberá relacionarse de xeito exhaustivo as tarefas levadas a cabo no periodo obxecto de aboamento e deberá acompañarse de listado de control de presenza no que se contemple a maior adicación horaria resultante da realización das tarefas encomendas amais das correspondentes ao posto ao que se este adscrito. Dito exceso de xornada non será compensable con descansos, compensación ou redución de xornada nin aboable

Terceiro.- Da presente resolución, que xurdirá efectos a partires do seguinte día ao da súa notificación, dése traslado a interesada, concelleiro/a-delegado/a da Área, Servizo de Recursos Humanos, Planificación e Organización, así como ao Comité de Persoal para coñecemento e efectos.

Cuarto.- Dar conta da presente á Xunta de Goberno Local para o seu coñecemento.”

Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que o dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou

ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

36(995).- RECTIFICACIÓN DO ERROR MATERIAL DETECTADOS NO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 8 DE XULLO DE 2011 (EXPTE 22117/220). EXPTE. 22252/220.

Dáse conta do informe-proposta da técnica de Avaliación e Formación de Recursos Humanos, do 5.08.11, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e concelleiro-delegado de Xestión Municipal, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 8 de xullo de 2011, adoptou o acordo de asignación de complemento de gratificacións por servizos especiais e extraordinarios correspondente aos meses de xaneiro e maio así como os do Servizo de Extinción de Incendios e Salvamento do período comprendido entre febreiro a abril 2010.

Recíbese en data 3 de agosto de 2011, escrito do Suboficial Xefe do S.E.I.S no que se comunica a este Servizo o erro detectado no listado remitido en relación ao exceso de xornada do mes de marzo no que se incluíu a D Alberto Villar Gutierrez en lugar de D Manuel Villar Dominguez

Polo anteriormente expresado, ó abeiro do disposto no artigo 105 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, fórmulase á Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO

1º.- Rectificar o erro material detectados no acordo da Xunta de Goberno Local de data 8 de xullo de 2011, sobre a asignación de complemento de gratificacións por servizos especiais e extraordinarios ao persoal do Servizo de Extinción de Incendios pola realización de exceso de xornada no mes de marzo, no que figura por erro D Alberto Villar Gutierrez, con n de persoal 79343 en vez de D Manuel Villar Dominguez (n de persoal 18483)

2º.- Ordenar que se proceda a efectua-lo oportuno desconto na vindeira nómina a D Alberto Villar Gutierrez, con n de persoal 79343, a cantidade de 261.51 € así como o aboamento da mesma cantidade a D Manuel Villar Dominguez, con n de persoal 18483

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

37(996).- ABOAMENTO DE COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE Á FUNCIONARIA Dª Mª DEL CARMEN COTILLA IGLESIAS. EXPTE. 1727/150.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 8.07.11, dáse conta do informe-proposta da técnica de Avaliación e Formación de Recursos Humanos, do 24.05.11, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e concelleiro-delegado de Xestión Municipal, que di o seguinte:

En data 19 de maio de 2011, o Xefe do Servizo de Participación Cidadá co conforme da Concelleiro de Distritos, solicita un complemento de produtividade pola súa encomiable adicación e interese a favor da administrativa D^a Carmen Cotilla Iglesias, con de persoal 80211, xa que a Concellería de Distritos non conta con persoal administrativo adscrito a mesma.

Así mesmo, o Concelleiro delegado de Xestión Municipal, en data 23 de maio de 2011, ordea ao Servizo de Recursos Humanos a realización dos trámites administrativos necesarios para propoñer a Xunta de Goberno Local, a aprobación dun complemento de produtividade polo importe sinalado no informe de data 19 de maio de 2011

Esta Concellería, tal e como se recolle no informe que forma parte deste expediente, ven desenvolvendo as funcións de relación directa cos cidadáns, atendendo as súas demandas, queixas e suxestións e canalizándoas aos servizos correspondentes. Trátase dunha Concellería de carácter transversal, de proximidade ao cidadán e de apoio a outras concellerías e institucións.

Deste esta Área exerce a presidencia da Comisión de Queixas e Suxestións. Unha Comisión que realiza funcións de control e seguimento da tramitación das queixas veciñais nos distintos departamentos do Concello de Vigo, axilizando a comunicación e participación da corporación municipal no estudo e debate das propostas presentadas polos cidadáns a fin de arranxar as posibles anomalías, erros ou carencias que se atopan na xestión diaria dos servizos municipais.

Para a consecución dos obxectivos da Concellería, remítesense listados detallados aos diferentes departamentos municipais, especificando os expedientes que se atopan pendentes de resolver a fin de obter unha conclusión pronta e efectiva. Así mesmo, notifícase puntualmente aos cidadáns sobre as decisións adoptadas en relación coas súas reclamacións presentadas no Concello de Vigo a través do Servizo de Participación Cidadá. De tal xeito que, de non estar de acordo, teñen a opción de volver a poñerse en contacto coa Concellería a fin de buscar unha solución axeitada.

Así mesmo, a Concellería de Distritos encárgase de recoller directamente as demandas cidadáns, mantendo un contacto fluído cos representantes veciñais de todas e cada unha das parroquias de Vigo. O Departamento fai seguimento de cada una dos expedientes abertos a fin de controlar a súa axeitada tramitación.

Doutra banda, desde esta Concellería realízase un seguimento dos Grandes Proxectos que se están a desenvolver en Vigo polo actual Goberno municipal, así como os planificados polo Goberno estatal e autonómico a fin de fortalecer e garantir o seu cumprimento.

Dada a situación descrita, esta funcionaria está a compatibilizar as súas funcións no Servizo de Participación Cidadá coas correspondentes a Concellería de Distritos.

As funcións desenvoltas pola funcionaria D^a Carmen Cotilla Iglesias son:

-Notificar aos cidadáns as resolucións das queixas e suxestións presentadas no Concello de Vigo a través do Servizo de Participación Cidadá.

-Notificar aos diferentes departamentos municipais a necesidade da axilizar a resolución dos expedientes.

-Remitir listados detallados aos diferentes servizos do Concello onde se especificaban os expedientes pendentes de resolución.

-Control da evolución das queixas e suxestións resoltas nas diferentes áreas municipais.

-Divulgar a existencia da Comisión de Queixas e Suxestións.

-Recollida das queixas veciñais para darlle curso e facer o seguimento para a súa correcta resolución.

-Xestión dos procesos de traballo de carácter administrativo, económico e contable, baixo a dirección dos respectivos superiores.

-Cooperar coa xefatura inmediata na supervisión e coordinación dos traballos desenvolto polo persoal subordinado.

-Recoller, rexistrar e distribuí-la correspondencia e documentación na entrada do servizo, así como a de saída.

-Colaboración na racionalización de estruturas e sistemas de traballo na formalización e simplificación de expedientes, procesos e impresos.

-Organización puntual de eventos de diferentes características relacionados coas asociacións de veciños.

-Realización dun proceso de monitoreo e avaliación do desenvolvemento dos grandes proxectos elaborados para Vigo polo actual Goberno municipal, así como os planificados polo Goberno estatal ou autonómico a fin de fortalecer e garantir o seu cumprimento.

Tamén hai que recalcar o importante volume de traballo que recolle a Concellería. De feito, desde a súa creación procedeuse ao seguimento de máis de 40.000 expedientes de queixas e suxestións veciñais, coa correspondente comunicación directa co interesado.

Así mesmo, na Concellería de Distritos aperturáronse máis de 1.700 expedientes propios relacionados coas demandas veciñais. As reclamacións foron recollidas ben mediante atención directa, telefónica o a través de visitas realizadas á contorna afectada, facendo posteriormente o seguimento da súa tramitación.

Un traballo ao que se debe engadir o control do funcionamento dos diferentes departamentos municipais en relación coa xestión das queixas veciñais a fin de que a súa resolución se produza a maior brevidade posible.

Serán de aplicación para o ano 2011 as Instrucións sobre Plantilla e Relación de Postos de Traballo do persoal ao servizo da Corporación e dos seus Organismos Autónomos, aprobadas pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de 20 de setembro de 2010. En ditas instrucións, apartado terceiro, recóllese expresamente unha detallada regulación do complemento de produtividade e dos requisitos existentes para a súa percepción.

“Con cargo ó Complemento de Productividade se retribuirá única e exclusivamente a aqueles funcionarios nos que concurran circunstancias excepcionais na prestación dos seus servizos, tales como o especial rendemento e a actividade extraordinaria, o interese e iniciativa con que desempeñan as súas funcións.

O outorgamento deste complemento retributivo responderá necesariamente a:

- Contribuír á mellora no funcionamento dos servizos públicos prestados polo Concello de Vigo.
- Criterios de equidade en termos de rendemento efectivo e retribución.

A Xunta de Goberno Local establecerá no exercicio das súas competencias, atribuídas polo artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, os parámetros obxectivos de asignación de complementos de produtividade que considere, tendo en conta os seguintes criterios:

O complemento de produtividade establecerase orixinado única e exclusivamente por:

1. Aumento de volumen de traballo nas tarefas asignadas ao posto de traballo ocasionado por razóns coxunturales debidamente xustificadas.
2. Asignación de novas tarefas ao posto de traballo motivadas polo incremento da actividade municipal, e formalmente encomendadas polo órgano competente.

Rendemento extraordinario do traballador no desempeño das actividades, cometidos e responsabilidades encomendadas ao posto de traballo adscrito.

Será estimado mediante informe pormenorizado do responsable do servizo, unidade ou departamento de adscripción, no que se especifique a cantidade do traballo realizado con arranxo aos principais indicadores do contido funcional do seu posto e, a eficacia, calidade, logro de resultados, tempo de traballo adicional e dispoñibilidade do traballo e, deberá contar coa conformidade do concelleiro delegado correspondente.

Vistas as circunstancias anteditas, e sempre previo o preceptivo informe de fiscalización en relación á existencia de crédito suficiente na partida de imputación do gasto 922.0.1500000-“Productividade”, nos termos do disposto nos artigos 214 e seguintes do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

- Outorgar a funcionaria municipal D^a Carmen Cotilla Iglesias, admsintartiva adscrita ao servizo de participación cidadá, con n de persoal 80211, complemento de produtividade por importe de 1.286.40€, pola realización das funcións descritas no informe de data 19 de maio de 2011.
- Aprobar e comprometer o gasto por importe total de 1.286.40€ en concepto de produtividade a favor dos empregados municipais anteriormente referenciados, con cargo á partida orzamentaria 922.0.1500000 “Productividade”

Dése traslado do presente acordo á interesada, Intervención Xeral e Comité de Persoal aos efectos oportunos, debendo expoñerse asemade no Taboeiro de Edictos por un prazo de dez días para público coñecemento.”

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación,.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

38(997).- CUMPRIMENTO DO MANDATO XUDICIAL CONTIDO NA SENTENCIA Nº 177/2005, DOS XEFES DE SAÍDA DO SERVIZO DE EXTINCIÓN DE INCEN-

DIOS DE ABOAMENTO DE COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE. EXPTE 21818/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 8.07.11, e de acordo co informe-proposta da técnica de Avaliación e Formación de Recursos Humanos, do 18.03.11, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e concelleiro-delegado de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Proceder ao efectivo cumprimento do mandato xudicial contido na Sentencia nº 177/2005, do 24 de maio, dictada polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Vigo no recurso contencioso-administrativo (procedemento abreviado) nº 321/2004 estimatoria parcial e declarativa do dereito dos funcionarios cabos do Servizo de Extinción de Incendios e Salvamento D. Fernando Solveira de la Fuente, D. Carlos Rodríguez Lago, D. Justo Alonso Villar e D. Rafael Moledo Alonso á percepción dun complemento de produtividade pola actividade extraordinaria realizada como sarxentos, nos termos e condicións da propia sentenza e nos autos no Auto de data 1/6/2006, 9/6/2006 e 27/6/2006, dictado polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo, dando cumprimento en consecuencia –e previo o preceptivo informe da Intervención Xeral- á extensión dos efectos da Sentenza nº 177/2005, e consecuentemente dispoñer o aboamento da cantidade que proceda, correspondente ás substitucións acreditadas polos recorrentes que superen un mes no período de un ano, tal e como establece o fundamento xurídico 2º da citada resolución xudicial.e prestar conformidade ao calculo que se desglosa a continuación , e que supón un total de 12741,42 €, con cargo a partida 9220.1410000, Indemnizacións por sentenzas xudiciais.

NOME	N PERSOAL	N HORAS	N GARDAS	IMPORTE
ALONSO COVELO VICENTE	20592	912	38	1436,72
ALONSO VILLAR JUSTO	20801	240	10	378,08
FERNANDEZ CABALEIRO J LUIS	18508	768	32	1209,87
FUENTES DOMINGUEZ JOAQUIN	78777	336	14	529,32
ILLAN LOMBAO, JUAN CARLOS	79341	341	14 e 5 horas	537,19
LOPEZ LANDESA FELIX	14090	1.056	44	1663,57
LOPEZ RIOCABO JESUS	20853	664	27 e 16	1046,03
RODRIGUEZ LAGO CARLOS	20669	816	34	1285,48
ROMERO IGLESIAS RAFAEL	20965	800	33 e 8 horas	1260,28
SOAGE BERMUDEZ HECTOR	77168	504	21	793,98
VILLAR COMESAÑA JOSE A	21380	288	12	453,70
VILLAVERDE VELEIRO J.B.	14700	1.363	56 e 19horas	2147,20
			TOTAL	12741,42

39(998).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA CONCELLERÍA DE XESTIÓN MUNICIPAL DA DECLARACIÓN DA SITUACIÓN DE FLEXIBILIDADE HORARIA POR CONCILIACIÓN COA VIDA FAMILIAR DE Dª MARTA ALONSO POSADA. EXPTE. 2251/220.

Dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Recursos Humanos, do 1.08.11, sobre o asunto de referencia, que di o seguinte:

Con data 20 de xullo de 2011, D^a Marta Alonso Posada, con DNI 36.138.135-Y e nº persoal 79396, administrativa de admón. xeral adscrita ao servizo de Participación e Atención Cidadá do concello, solicita autorización de flexibilidade horaria por motivos de conciliación da súa vida laboral e familiar por ter ao seu coidado un fillo menor de 12 anos.

Como queira que a súa solicitude foi informada favorablemente polo xefe do Servizo de Participación e Atención Cidadá e existindo o compromiso desta Concellería-delegada de Xestión Municipal para o estudo e aplicación de medidas de conciliación da vida laboral e familiar, previa negociación ao efecto coa representación sindical dos traballadores, o feito é que a implantación das mesmas esixe dun estudo detallado que permita dar unha solución integral e equitativa para a totalidade do persoal municipal que desexe acollerse a tal beneficio, con especial atención á incidencia que a mesma poda ter naqueles servizos con maior atención ao público ou nos servizos de emerxencia e seguridade pública.

De maneira que, pendente da emisión de informe en relación á implantación das ditas medidas polas xefaturas dos diferentes servizos, parte dos empregados solicitantes tiveron que recurrir a solicitar unha redución de xornada coa correspondente deducción de retribucións nos termos do vixente Acordo regulador das condicións socio-laborais dos traballadores ao servizo do Concello de Vigo, polo que se considera oportuno proporcionar unha solución estritamente provisional que permita puntualmente o acceso dos solicitantes á conciliación salientada sen que lles afecte á economía familiar; solución puntual que en calquera caso será deixada sen efecto automaticamente no momento no cal se aprobe unha solución integral para o resto do persoal municipal, e cuxo mantemento será estudado no momento no cal pola respectiva xefatura do servizo se comunique o deficiente funcionamento do servizo por existir varios beneficiarios de medidas de flexibilidade horaria no mesmo servizo.

Á vista das circunstancias anteriormente mencionadas e vistas as competencias recollidas no artigo 127.1 h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Regimen Local segundo redacción dada pola Lei 57/2003 de 16 de decembro, de Medidas para Modernización do Goberno Local, e de conformidade coa acordo da Xunta de Goberno Local de 17 de xuño de 2011, sobre a delegación de competencias en materia de persoal, sométese a consideración do Concelleiro-Delegado da Área de Xestión Municipal a seguinte RESOLUCIÓN:

“Primeiro.- Acceder excepcionalmente e con carácter provisional á flexibilidade horaria solicitada por D^a Marta Alonso Posada, con DNI 36.138.135-Y e nº persoal 79396, administrativa de admón. xeral adscrita ao servizo de Participación e Atención Cidadá do Concello de Vigo, en escrito de data 20 de xullo de 2011, e visto o informe favorable emitido polo xefe do Servizo de Participación e Atención Cidadá, que será de unha hora ao inicio da súa xornada laboral, con efectos a partir do 24 de agosto de 2011, tendo a obriga de compensala en xornada de tarde, incidencia que deberá ser comunicada ao Servizo de Recursos Humanos (Inspector Auxiliar de Persoal), lembrándolle que deberá comunicar a cesación das causas motivadoras do outorgamento da presente medida excepcional.

Segundo.- Dispoñer o carácter estritamente provisional e excepcional da medida acordada, a cal en todo caso será deixada sen efecto automaticamente no momento no cal se aprobe polo órgano municipal competente ao efecto unha solución integral para o resto do persoal municipal, actualmente en tramitación, acordando igualmente a ineficacia da mesma cando polo Concello se teña coñecemento fehaciente da cesación ou da inexistencia das causas motivadoras do outorgamento da medida, ou ben se comunique formalmente polo beneficiario/a da mesma.

Terceiro.- Acordar que se comunique ao xefe de Participación e Atención Cidadá, que o outorgamento da presente medida excepcional en ningún suposto implicará o incremento da dotación de efectivos

asignados ás unidades ou servizos concretos, nin o incremento a priori da autorización da realización de horas extraordinarias, debendo comunicar calquera incidencia a esta concellería-delegada de Xestión municipal e ao Servizo de Recursos Humanos (Inspector Auxiliar de Persoal) aos efectos procedentes.

Cuarto.- Notifíquese presente resolución á solicitante, xefe do Servizo de Participación e Atención Cidadá, Servizo de Recursos Humanos (Inspector Auxiliar de Persoal) e Comité de Persoal para coñecemento e demais efectos.

Con data 1.08.11 o concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal resolve de conformidade co precedente informe.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

40(999).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA CONCELLERÍA DE XESTIÓN MUNICIPAL DA AUTORIZACIÓN DUN PERMISO NON RETRIBUÍDO A D. PEDRO DÍAZ JUSTO. EXPTE 22250/220.

Dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Recursos Humanos, do 29.07.11, sobre o asunto de referencia, que di o seguinte:

A medio de escrito de data 22 de xullo de 2011 (doc. nº 110103188), D. Pedro Díaz Justo, NIF 58.174.618-K e núm. persoal 78750, policía local deste Concello, solicita permiso non retribuído por asuntos persoais, de 15 días, no período comprendido entre o 28 de agosto e 11 de setembro de 2011.

En relación con dita solicitude emítase o seguinte informe:

O vixente “Acordo regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores ao servizo do Concello de Vigo” contempla no seu artigo 17 c) a posibilidade de solicitar permiso non retribuído por asuntos persoais ata un máximo de 6 meses cada 5 anos ou de 12 meses cada 10 anos, estando o funcionario solicitante en situación de alta no réxime xeral da Seguridade Social durante o seu disfrute e computando o tempo de duración do mesmo a efectos de antigüidade. Non computará o tempo a efectos de vacacións, permiso por asuntos persoais e pagas extraordinarias.

Por parte deste Servizo de Recursos Humanos non se observan impedimentos ao outorgamento do referido permiso, sempre que as necesidades do servizo quedan dabidamente cubertas; extremo que consta no informe do Intendente da Policía Local, de data 22 de xullo actual.

Polo exposto, de conformidade coas competencias recollidas no artigo 127.1 h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Regimen Local, segundo redacción dada por Lei 57/2003 de 16 de decembro, de Medidas para Modernización do Goberno Local, e de conformidade co acordo da Xunta de Goberno Local de 17 de xuño de 2011, de delegación de competencias, sométese a consideración do Sr. Concelleiro-Delegado da Área de Xestión Municipal a seguinte,

RESOLUCION:

“Primeiro.- Autorizar a D. PEDRO DÍAZ JUSTO, con NIF nº 58.174.618-K e núm. persoal 78750, policía local deste Concello, permiso sen soldo por asuntos personais de 15 días, no período comprendido entre o 28 de agosto e 11 de setembro de 2011, ámbolos dous incluídos, de conformidade co previsto no art. 17 c) do vixente acordo regulador das condicións económicas e sociais do persoal ao servizo do concello de Vigo.

Durante a súa duración o interesado permanecerá de alta no réxime xeral da Seguridade Social e computará a efectos de antigüidade, pero non a efectos de vacacións, permiso por asuntos personais e pagas extraordinarias.

Segundo.- Dese conta da presente resolución ao interesado, Intendente da Policía Local, Intervención Xeral e Servizo de Recursos Humanos (tco. de Organización e Planificación, negociado de Seguridade Social e Inspector Auxiliar de Persoal) aos efectos oportunos.

Terceiro.- Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que o dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1198, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.”

Con data 29.07.11 o concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal resolve de conformidade co precedente informe.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

41(1000).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA DE PERMISO ESPECIAL DA TRABALLADORA D^a M^a CRISTINA VARELA BORREGUERO. EXPTE. 22242/220.

Dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Recursos Humanos, do 7.07.11, sobre o asunto de referencia, que di o seguinte:

En escrito de data 4 de xullo de 2011 (documento nº 110095749) a funcionaria de carreira D^a M^a Cristina Varela Borreguero, con número de persoal 19212, auxiliar de administración xeral, adscrita ao Departamento de Mobilidade, Transportes e Seguridade, solicita flexibilidade do seu horario de traballo retrasando a súa entrada ao mesmo nunha hora, por motivos de saúde.

A solicitante aporta a tal fin copia de informe médico onde se indica o diagnóstico da interesada así como da medicación prescrita.

O artigo 16.8 do vixente Acordo Regulador das condicións económicas e sociais os traballadores ao servizo do Concello de Vigo contempla que, en casos excepcionais de enfermidade de familiares ou persoas que convivan no domicilio do empregado e afecten gravemente ao normal desenvolvemento da súa vida familiar e laboral, o Alcalde, tralo informe favorable do Servizo de Recursos Humanos e

do órgano de representación unitaria do persoal, poderá autorizar permisos, redución de xornada ou xornadas especiais en tanto se manteña a dita situación.

Deste xeito, o suposto plantexado de redución de xornada de carácter especial por padecer a solicitante un cadro médico cuio tratamento poderíase encadrar na tipoloxía de enfermidades que afectan o normal desenvolvemento da vida familiar e laboral.

Consecuentemente, vista a documentación incorporada ao expediente, e en atención ás especiais circunstancias concorrentes no caso, por parte do Comité de Persoal así como deste Servizo de Recursos Humanos infórmase favorablemente a solicitude referida, de xeito tal que se lle permita a entrada no seu posto de traballo ás 8,45 horas, sempre facendo constar que o permiso durará o tempo que se manteñan as circunstancias xeneradoras do mesmo o cal deberá acreditarse mediante a presentación semestral do correspondente informe médico sobre a evolución clínica da afectada, coa obriga de comunicar ao Servizo de Recursos Humanos a cesación das mesmas.

No uso das competencias que o artigo 124.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en redacción dada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, atribúe á Alcaldía-Presidencia en canto á superior dirección do persoal municipal, fórmulase a seguinte PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:

“Primeiro.- Autorizar a D^a M^a Cristina Varela Borreguero, con número de persoal 19212, auxiliar de administración xeral, adscrita ao Departamento de Mobilidade, Transportes e Seguridade, a flexibilidade do seu horario de traballo retrasando a súa entrada ao mesmo nunha hora de conformidade co recollido no art. 16.8 do vixente Acordo regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores ao servizo do Concello de Vigo, que terá efectos a partir do día seguinte da notificación da presente resolución.

O permiso durará o tempo que continúen as circunstancias xeneradoras do mesmo, o cal deberá acreditarse mediante a presentación semestral do correspondente informe médico sobre a evolución clínica da afectada, sinalando a obriga de comunicar ao Servizo de Recursos Humanos a cesación das mesmas.

Segundo.- Dar conta da presente resolución a interesada, Xefatura de Mobilidade, Seguridade e Transportes, Servizo de Recursos Humanos e Comité de Persoal aos efectos que procedan.”

Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que a dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

Con data 7.07.11 o Excmo. Sr. alcalde resolve de conformidade co precedente informe.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

42(1001).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA CONCELLERÍA DE XESTIÓN MUNICIPAL DE AUTORIZACIÓN DE REINGRESO AO SERVIZO ACTIVO DE D. CARLOS CASTRO MERA. EXPTE 22174/220.

Dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Recursos Humanos, do 3.08.11, sobre o asunto de referencia, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- Con data 22 e 28 de xullo de 2011 (doc. 110091728 e 11010472), D. Carlos Castro Mera, con DNI 32.666.906-Y, solicita o reingreso ao servizo activo na praza de bombeiro do Servizo de Extinción de Incendios; Asímesmo, con data 3 de agosto (doc. 110106373) solicita o recoñecemento dos servizos prestados no Concello de Ferrol, para o que aporta o oportuno certificado.

Consultado o seu expediente persoal, consta que o interesado prestou servizos neste Concello dende 1 de novembro de 2001 ata 14 de xullo de 2003, por ser declarado en situación de excedencia voluntaria por incompatibilidade por pasar a prestar servizos noutra administración pública por acordo da Xunta de Goberno Local de data 7 de xullo de 2003.

Achega xunto coa súa solicitude certificado do Concello de Ferrol onde se indica que cesa con data 31 de xullo por declaración de situación de servizos noutra administración pública.

2.- Con data 1 de agosto polo técnico de planificación e organización infórmase que existe vacante de bombeiro na vixente plantilla municipal.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

O artigo 15 do Real decreto 365/1995, do 10 de marzo, Regulamento de situacións administrativas, establece que procederá declarar, de oficio ou a instancia de parte, en situación de excedencia voluntaria por prestación de servizos no sector público, aos funcionarios que se encontren en servizo activo noutro corpo ou escala de calquera das administracións públicas, agas que obtivesen a oportuna compatibilidade, ou pasen a prestar servizos en organismos ou entidades do sector público e non lles corresponda quedar noutra situación.

Dito artigo, no seu apartado 3, sinala que os funcionarios poderán permanecer nesta situación en tanto se manteña a relación de servizos que deu orixe á mesma. Unha vez producido o cese como funcionario de carreira ou personal laboral fixo deberán solicitar o reingreso ao servizo activo no prazo máximo dun mes, declarándoseles, de non facelo, na situación de excedencia voluntaria por interés particular.

Polo exposto, de conformidade coas competencias recollidas no artigo 127.1h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases de Réxime local, segundo redacción dada por Lei 57/2003, de 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, e de conformidade co acordo da Xunta de Goberno Local de 17 de xuño de 2011, de delegación de competencias, sométese a consideración do Sr. Concelleiro-delegado da Area de Xestión Municipal a seguinte, PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:

“PRIMEIRO.- Autorizar o reingreso ao servizo activo, con efectos económicos e administrativos do vindeiro 4/08/2011 a D. Carlos Castro Mera, con DNI 32.666.906-Y, na praza e posto de traballo asociado de Bombeiro do Servizo de Extinción de Incendios (cod. Servizo 213), partida funcional 135.0,

codigo retributivo 132 da vixente relación de postos de traballo, a petición do interesado formulada en escrito de datas 22 e 28 de xullo de 2011.

SEGUNDO.- Recoñecer ao interesado 4 trienios correspondentes ao subgrupo C2, cumpríndo o quinto o próximo 23 de febreiro de 2012, segundo petición do interesado formulada por escrito de data 3 de agosto de 2011.

TERCEIRO.- Notifíquese o presente acordo ao interesado, Xefatura do Servizo de Extinción de Incendios, Sr. Concelleiro-delegado da Área de Seguridade e Xestión Municipal, Intervención Xeral Municipal, Tesourería Municipal (negociado de Nóminas), Área de Réxime Interior (Xefatura da Área e Planificación e Organización) e Seguridade Social aos efectos que procedan.”

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente consono ao disposto no Real Decreto Lexislativo 2/1995, do 7 de abril, do Texto refundido da Lei de Procedemento Laboral.

Con data 3.08.11 o concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal resolve de conformidade co precedente informe.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

43(1002).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA CONCELLERÍA DE XESTIÓN MUNICIPAL DE PROLONGACIÓN DE SERVIZO ACTIVO DO FUNCIONARIO D. AVELINO SAN LUÍS COSTAS. EXPTE22017/220.

Dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Recursos Humanos, do 3.08.11, sobre o asunto de referencia, que di o seguinte:

Con data 3 de maio de 2011, tivo entrada no Rexistro Xeral do Concello, doc.110060416, presentado por D. Avelino Manuel San Luis Costas, con DNI 35946375-C, no que solicita a prolongación da permanencia no servizo activo.

Tras a entrada en vigor o 13 de maio do 2007 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (BOE nº 89, do venres 13 de abril do 2007) a nova configuración legal efectuada no marco normativo básico establecido polo lexislador estatal provoca a necesidade de determinar criterios coherentes de aplicación da mesma en relación con aspectos tan fundamentais como é o da prolongación da permanencia no servizo activo dos funcionarios públicos.

O artigo 67.3 da nova norma establece que “a xubilación forzosa declararase de oficio ao cumprir o funcionario os sesenta e cinco (65) anos de idade. Non obstante, nos termos das leis de Función Pública que se dicten en desenvolvemento do presente Estatuto, poderase solicitar a prolongación da permanencia no servizo activo como máximo ata que se cumpran os setenta (70) anos de idade. A Ad-

ministración Pública competente deberá de resolver de forma motivada a aceptación ou a denegación da prolongación.”

Tal precepto foi interpretado, para o ámbito da Administración Xeral do Estado e os seus organismos autónomos, mediante Resolución do 21 de xuño do 2007, da Secretaría Xeral para a Administración Pública, pola que se publican as Instruccións do 5 de xuño do 2007, para a aplicación do EBEP, entendendo a vixencia transitoria do artigo 33 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública -coas reformas que no seu día efectuaron no seu teor as Leis 13/1996, de 30 de decembro, e 66/1997, de 30 de decembro, de Medidas Fiscais, Administrativas e da Orde Social- o cal obviamente exceptiona da permanencia en activo e dende o 01/01/1998 ao personal da Policía Municipal e Extinción de Incendios, que deberá cesar ao cumprir os 65 anos de idade.

O Ministerio de Administracións Públicas (MAP), e coordinación coas a Secretarías de Estado de Cooperación Territorial, Xeral para a Administración Pública, e as Direccións Xerais da Función Pública e de Cooperación Local aprobaron os “CRITERIOS PARA A APLICACIÓN DO ESTATUTO BÁSICO DO EMPREGADO PÚBLICO NO ÁMBITO DA ADMINISTRACIÓN LOCAL”, consignando con total claridade que as Administracións Locais, a través dos seus órganos competentes, están obrigadas a resolver motivadamente a aceptación ou denegación das solicitudes de prolongación no servizo activo.

Polo Sr. San Luis Costas, solicítase con dous meses de antelación, xa que cumprirá a idade de xubilación forzosa (65 anos) o vindeiro 9 de agosto de 2011.

Asímesmo, polo Sr. concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, con data 2 de agosto de 2011, emítase informe favorable á prorroga por un período de 1 ano, momento no cal poderá ser autorizado 1 ano máis de servizo activo como máximo, sumando un máximo total de 2 anos.

Polo exposto, de conformidade coas competencias recollidas no artigo 127.1h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases de Réxime local, segundo redacción dada por Lei 57/2003, de 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, e de conformidade co acordo da Xunta de Goberno Local de 17 de xuño de 2011, de delegación de competencias, sométese a consideración do Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal a seguinte, PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:

Primeiro.- Autorizar a prolongación no servizo activo de D. Avelino San Luis Costas, con DNI DNI 35946375-C, e nº de persoal 9900, técnico de administración xeral con posto de xefe de Relacións Públicas, adscrito ao Gabinete da Alcaldía, con efectos do día 9 de agosto de 2011, data de cumprimento da idade de xubilación forzosa.

Segundo.- A presente autorización de prorroga será por un período de 1 ano, momento no cal poderá ser autorizado 1 ano máis de servizo activo como máximo, sumando un total de 2 anos.

Terceiro.- O Sr. San Luis Costas, poderá poñer fin á prolongación da permanencia no servizo activo comunicando ao órgano competente a data prevista por él para a súa xubilación forzosa por idade, que deberá dirixir ao órgano competente cunha antelación mínima de tres meses a data de xubilación solicitada. Igualmente, a Administración local poderá deixar sen efecto a dita prorroga por acto administrativo posterior debidamente motivado, quedando a mesma sen efecto en calquera caso no límite máximo de 2 anos establecido no informe de data 2 de agosto de 2011.

Terceiro.- Contra o presente acordo poderá interpoñer potestativamente recurso de reposición perante o órgano que o dictou no prazo dun mes, que se entenderá desestimado se transcurre outro sen contestarse. Neste caso poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o Tribunal

Superior de Xustiza de Galicia, ou perante o Xulgado do Contencioso nos supostos previstos no art. 8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdicción contencioso-administrativa, no prazo de dous meses.

Con data 3.08.11 o concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal resolve de conformidade co precedente informe.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

44(1003).- DAR CONTA DA RENUNCIA DE D. VICTOR FERNÁNDEZ CACHO Á BOLSA DE FORMACIÓN EN PRACTICAS DA CONCELLERÍA DE TURISMO. EXPTE. 3803/104.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica do Servizo de Turismo, do 23.08.11, conformado polo concelleiro da Área de Industria, Comercio, Turismo e PEMES, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Quedar enterada da renuncia xustificada presentada por Don Víctor Fernández Cacho (DNI 47358158 P) á beca de formación en prácticas da Concellería de Turismo con data 31 de agosto de 2011.

2º.- Adxudicar a bolsa vacante, dende o 1 de setembro ata o 30 de novembro de 2011, ao seguinte aspirante da lista de suplentes que a aceptan: Ana Fernández Vázquez (DNI 35568019 Z)

3º.- Dar traslado deste acordo á Intervención Xeral e á Tesourería Municipal ós efectos oportunos.

45(1004).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN POLA QUE SE PON EN MARCHA A EXECUCIÓN DO PROGRAMA “VIGOBICI” DE PRÉSTAMO DE BICICLETAS A TURISTAS. EXPTE. 4065/104.

De conformidade co informe-proposta do vogal do Tribunal Económico Administrativo, do 22.08.11, o concelleiro delegado da Área de Industria, Comercio, Turismo e PEMES, coa mesma data resolve o seguinte:

PRIMEIRO.- Poñer en marcha o programa “VigoBici” encamiñado a facilitar ós visitantes da nosa cidade un medio de transporte ecolóxico coma a bicicleta por un período máximo de unha hora para a realización dunha visita pola nosa vila.

SEGUNDO.- Para obter o préstamo das bicicletas, os interesados deberán obter o correspondente vale de utilización, que lles será facilitado de xeito gratuíto no edificio dotacional estación marítima, local 1.

Có dito vale poderán retirar a súa bicicleta, en función da dispoñibilidade das mesmas, previa xustificación de ter efectuado un depósito na Tesourería Municipal do Concello de Vigo por importe de 1.300 € ou, alternativamente, mediante o depósito de DNI, pasaporte ou documento equivalente do interesado, que será entregado ó contratista do servizo e devolto por éste unha vez que se devolva a satisfacción a bicicleta obxecto de préstamo.

Os usuarios que excedan do tempo asignado deberán pagar un recargo por demora na devolución da bicicleta de dous euros por cada media hora ou fracción de exceso das dúas horas máximas de uso. Para facilitar o dito pagamento, serán emitidos tickets polo dito importe que, previo pagamento polo adxudicatario do contrato de servizos, serán entregados ós usuarios coma xustificante do pagamento.

No relativo ós dereitos e obrigas do usuario, e en tanto non se dicte norma específica ó respecto, lles será de aplicación o previsto na normativa sectorial de aplicación e especificamente, en todo o aquí non establecido e lles sexa aplicable, o Regulamento do Servizo Municipal de Préstamo de Bicicletas Eléctricas na Cidade de Vigo.

TERCEIRO.- Dar conta da presente á Xunta de Goberno Local para o seu coñecemento e efectos oportunos

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

46(1005).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A UNIVERSIDADE DE VIGO PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS NAS DEPENDENCIAS OFICIAIS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 3947/104.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico, do 26.07.11, e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Turismo, do 10.05.11, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Industria, Turismo e Comercio e PEMES, con data 10.08.11, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o convenio de cooperación entre a Universidade de Vigo para a realización de prácticas do master en traducción multimedia co Concello de Vigo .

2º.- Autorizar a realización das prácticas do master de traducción multimedia en dependencias oficiais do Concello de Vigo.

3º.- Facultar o Concelleiro delegado da área de Industria, Comercio, Turismo e PEMES para a sinatura deste convenio.

CONVENIO DE COOPERACIÓN EDUCATIVA ENTRE A UNIVERSIDADE DE VIGO E O CONCELLO DE VIGO

MÁSTER EN TRADUCCIÓN MULTIMEDIA

Vigo, a 20 de agosto de 2011

REUNIDOS

Dunha parte, don Salustiano Mato de la Iglesia, Reitor Magnífico da Universidade de Vigo, nomeado segundo o Decreto da Comunidade Autónoma de Galicia 90/2010, do 10 de xuño, publicado no Diario Oficial de Galicia (DOG) nº 114, do 17 de xuño de 2010, de acordo coas competencias que lle outorga o artigo 20 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de Universidades, e o artigo 58 dos Estatutos da Universidade de Vigo, aprobados polo Decreto 7/2010, do 14 de xaneiro, e publicados no DOG nº 21, do 2 de febreiro do 2010 (BOE nº 69, de 20 de marzo de 2010). Con enderezo en Edificio Reitoría, campus universitario, 36310 Vigo.

E de outra, D.Cayetano Rodriguez Escudero, en calidade de Concelleiro delegado da area de Industria Comercio Turismo e PEMES , con CIFP3605700H e enderezo social na Praza do Rei s/n, CP 36202, de Vigo.

Ambas partes recoñécense entre si capacidade legal suficiente para a celebración do presente convenio,

MANIFESTAN

Primeiro: A adecuación dos programas educativos ás necesidades do mundo empresarial, e en concreto ás do sector da tradución, constitúe unha das preocupacións da sociedade.

Segundo: O complemento que para a formación do estudiantado supón o coñecemento do mundo económico, industrial e empresarial galego é un dos obxectivos que a Universidade de Vigo considera de maior importancia.

Terceiro: Ambas as dúas partes consideran necesario un maior achegamento entre a empresa e a Universidade de Vigo, co obxecto de facilitar a futura inserción laboral dos/as universitarios/as mediante a alternancia da súa formación teórica con prácticas de empresa, logrando á vez a mellor cualificación e futura adaptación aos postos de traballo demandados polas empresas do sector.

Cuarto: A impartición do Máster en Tradución Multimedia pola Universidade de Vigo, coas características que o definen preséntase como un punto de partida para levar a cabo do xeito máis efectivo as necesidades e obxectivos anteriormente expostos.

Quinto: Todo isto evidencia a necesidade dun acordo que enmarque a cooperación educativa de ambas institucións e delimite as garantías recíprocas para o estudiantado do devandito Máster e das empresas do sector da tradución no desenvolvemento do período de prácticas que se contemplan neste, coa finalidade de eliminar os riscos de actuación con relacións xurídico-laborais alleas ao contido educativo deste acordo no marco do Real Decreto 1497/81 do 19 de xuño, actualizado polo R.D. 1845/1994 de 9 de setembro.

En consecuencia acordan formalizar o presente convenio de cooperación educativa a teor das seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.-O Concello de Vigo e a Universidade de Vigo acordan establecer un programa para a realización de prácticas profesionais dos/as estudantes do Máster en Tradución Multimedia de acordo coas seguintes normas:

- Poderán participar nas prácticas os/as estudantes do citado programa de posgrao impartido durante o curso 2010-2011
- O tempo de realización de prácticas por parte de cada estudante non será inferior a 60 horas.
- As prácticas realizaranse nas instalacións municipais
- O contido específico das prácticas tratará de proporcionarlle ao/á estudante unha visión global da empresa.
- A duración calendario e horario das prácticas precisarase coa empresa no marco do presente convenio.
- A empresa designará un/ha titor/a que se encargará do seguimento das prácticas, propulsará a súa realización e emitirá informe sobre o seu contido e avaliación. O coordinador do Máster na Universidade de Vigo designará un/ha titor/a entre o profesorado do título, que se encargará da dirección da Memoria Final das prácticas, a realizar polo/a estudante.
- O/A estudante en prácticas non terá en ningún caso relación ou vinculación laboral co Concello, nin a realización das prácticas terá a consideración de contrato en prácticas, aprendizaxe a tempo parcial ou calquera outra modalidade existente, de acordo co previsto no R.D. 1497/81 de 19 de xuño, modificado polo R.D. 1845/1994 de 9 de setembro, e no R.D. 2317/93 de 29 de decembro.
- O Concello de Vigo, non poderá cubrir, nin sequera con carácter eventual ou interino, ningún posto de traballo cun/ha estudante en prácticas. Igualmente, non se poderá formalizar ningunha modalidade de contrato de traballo co/a estudante mentres non se derroque expresamente o acordo de colaboración respecto dese/a estudante concreto, comunicándollo por escrito á Comisión de Seguimento.

SEGUNDA: Protección de datos

De conformidade co disposto na Lei orgánica 15/1999, de 13 decembro, de Protección de datos de carácter persoal, o/a estudante en prácticas que por razón das actividades formativas teñan acceso, en calquera fase do tratamento, a datos de carácter persoal non revelarán a persoa allea á empresa/entidade, información da que tiveran coñecemento, nin utilizará ou disporá dela dun xeito ou con finalidade distinta á esixida polas accións formativas, obriga que subsistirá aínda despois de rematadas as mesmas, respondendo en caso de incumprimento do deber de segredo fronte a XX, sen prexuízo das responsabilidades que por igual causa puideran derivarse ante a Axencia Española de Protección de Datos.

A tal efecto o/a estudante firmará co Concello de Vigo un documento no que se obrigue a cumprir o citado deber de segredo.

TERCEIRA.- Comisión de Seguimento

Créase unha comisión de seguimento do presente convenio integrada por D^a Marta García González, como representante da Universidade de Vigo, e por D. Santiago Domínguez Olveira, como representante do Concello de Vigo, coas competencias que se sinalan nas cláusulas do presente convenio. Esta Comisión resolverá os problemas que suscite o convenio na súa execución, garantirá o desenvolvemento normal dos compromisos asumidos e propondrá as entidades outorgantes xeitos de aumentar a súa eficacia, reuníndose cando así o considere oportuno cada unha das partes.

CUARTA: Consignación orzamentaria

Este convenio non supón gasto algún para a Universidade de Vigo, razón pola que non precisa de consignación orzamentaria.

QUINTA: Axuda para as prácticas

O Concello de Vigo non concederá a cada estudante seleccionado ningunha axuda para a realización das prácticas, polo que iste convenio non conleva gastos.

SEXTA: Vixencia

A duración do presente convenio será dun ano e será prorrogable automaticamente por idéntico período agás denuncia por algunha das partes, que deberá ser comunicada cun prazo mínimo de dous meses antes do remate do período de vixencia.

E en proba de conformidade, asínase este convenio en exemplar triplicado, no lugar e data indicados ao comezo.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

47(1006).- NOMEAMENTO, POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS, DE CINCO AUXILIARES ADMINISTRATIVOS PARA O ANO 2011. EXPTE. 22279/220.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 24.08.11, e de acordo co informe-proposta da técnica de Avaliación e Formación de Recursos Humanos, do 24.08.11, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e pola concelleira-delegada Acctal, da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

1º- Declara-la urxencia para proceder ó nomeamento de cinco funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas, como auxiliares administrativos/as, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades dos Servizos de Benestar Social, Dirección de Ingresos, Estatística e Rexistro Xeral, contidas nos escritos de datas 8, 9, 18 e 19 de agosto de 2011 e, na Instrución de data 22 de agosto de 2011, asinada pola Concelleira delegada de Cultura, Festas e Política de Benestar, que actua por delegación de data 13 de agosto anterior, do Concelleiro-delegado da área de xestión municipal.

2º.- Nomear funcionario/as interinas por acumulación de tarefas como auxiliares de administración xeral por un periodo máximo de seis meses, á D. MIGUEL ANGEL VILLAVERDE COSTA, DNI 73.240.801-S, Dª. NOA PÉREZ LORENZO, DNI 36.137.641-H, Dª. LAURA MARÍA PÉREZ FERNÁNDEZ, DNI 34.984.835-H, Dª. ALDARA VILA RODRÍGUEZ, DNI 53.179.938-M e Dª. BENEDICTA FERNÁNDEZ ESTÉVEZ, DNI 36.053.444-R, seguintes aspirantes que superaron tódolos exercicios do último proceso de selección de persoal convocado para o nomeamento de Auxiliares de Administración xeral por acumulación de tarefas, de conformidade co previsto no acordo da Xunta de Goberno Local de 30 de decembro do 2008 e na Instrucción conxunta das Secretarías Xerais para a Administración Pública e de Orzamentos e Gastos sobre procedementos de autorización de contratos de persoal laboral e nomeamento de funcionarios interinos, así como co disposto no artigo 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

3º.- Autoriza-lo gasto por importe de 53.737,95€, con cargo a partida orzamentaria 922.0.140.00.00-outras modalidades de contratación laboral, para facer fronte aos referidos nomeamentos.

4º.- O referido nomeamento farase de conformidade co disposto no art. 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, rematando cando transcurran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o día seguinte ao da publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos, 8, 25 e 46 da vixente Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

48(1007).- NOMEAMENTO, POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS, DE CUATRO DIPLOMADOS EN TRABAJO SOCIAL PARA O ANO 2011. EXPTE. 22283/220.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 25.08.11, e de acordo co informe-proposta do técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos, do 25.08.11, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e pola concelleira-delegada Acctal, da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Declara-la urxencia para proceder ó nomeamento de catro funcionarias interinas por acumulación de tarefas, como diplomadas en traballo social, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito periodo, xustificada nas necesidades da Xefatura do Servizo e da Area de Benestar Social, contidas no escrito de data 9 de agosto de 2011.

2º.- Nomear funcionarias interinas por acumulación de tarefas como diplomadas en traballo social por un periodo máximo de seis meses, á D. Carlos Sauquillo Franco, DNI 36.131.304-Y, Dª. Natalia Pazos Rodríguez, DNI 76.828.842-X, Dª. Marta Vallejo Fernández, DNI 77.006.690-E e Dª. Marina López Martínez, DNI 77.411.776-D, seguintes aspirantes que superaron tódolos exercicios do último proceso de selección de persoal convocado para o nomeamento de Diplomados/as en Traballo Social por acumulación de tarefas, de conformidade co previsto no acordo da Xunta de Goberno Local de 30 de decembro do 2008 e na Instrución conxunta das Secretarías Xerais para a Administración Pública e de Orzamentos e Gastos sobre procedementos de autorización de contratos de persoal laboral e nomeamento de funcionarios interinos, así como co disposto no artigo 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

3º.- Autoriza-lo gasto por importe de 72.203,04€, con cargo a partida orzamentaria 922.0.140.00.00-outras modalidades de contratación laboral, para facer fronte aos referidos nomeamentos.

4º.- O referido nomeamento farase de conformidade co disposto no art. 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, rematando cando transcurran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos.

49(1008).- DETERMINACIÓN DA INVIABILIDADE TÉCNICA DA EXECUCIÓN DO TUNEL DE CONEXIÓN ENTRE AS RÚAS TORRECEDEIRA E PASEO DE ALFONSO XII PREVISTA NA FICHA DO PXOM DO PERI DO AMBITO DE PLANEAMENTO "APR A-4-01 BARRIO DO CURA". EXPTE. 12403/411.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da xefa de Rehabilitación e Cascos Históricos, de data 11.08.11, que di o seguinte:

*A medio de resolución do 1 de decembro de 2009 da Concellería de urbanismo iniciouse expediente para tramitar o Plan especial de reforma interior do ámbito de planeamento remitido "APR A-4-01 Barrio do Cura". promovido pola mercantil "Valery Karpin & Asociados inmobiliarios"
Entre os obxectivos da ordenación proposta na ficha do ámbito do PXOM está a conexión directa da rúa Torrecedeira co Paseo de Alfonso XII. incluíndose como carga urbanística a execución do túnel de conexión entre a rua Torrecedeira e paseo de Alfonso XII.*

Considerando que o Concello ten executado recentemente obras de "humanización" na zona do Paseo de Alfonso XII e a Porta do Sol. implantando a continuación medidas de restricción do tráfico viario e limitacións propias de "zona 30". presentando a zona na actualidade un carácter semipeonil, recabáronse informes técnicos da dirección da obra de humanización das citadas rúas e da Xefatura de Tráfico do Concello co gallo de determinar a viabilidade técnica da execución do citado túnel.

(acompañábase estudio de tráfico do ámbito facilitado pola prornotora). así como a trascendencia da supresión da citada carga sobre o PERI iniciado.

Como antecedentes destes informes expresar que a Xerencia municipal de urbanismo en novembro de 2006, e en execución do Programa Europeo de asistencia y Gestión urbana sostenible, PAGUS, INTE-RREG IIIC. elaborou o Estudio de mobilidade e accesibilidade ao Centro histórico de Vigo. documento base do plan de humanización da zona do Paseo de Alfonso XII.

De conformidade coa memoria do citado Estudio. e en relación co ámbito do Barrio do Cura, constatouse que dentro do Casco a maior afluencia de peóns se produce no eixo Porta do Sol- Elduayen- Pi y Margall; asemade recoméndase preservar o viario local do Casco vello para uso peonil e limitar a circulación rodada nos eixos principais.

De forma mais específica. para esta área de actuación determina o Estudio de mobilidade que, "a accesibilidade de Torrecedeira. e a resolución da volumetría, non pode supor unha nova fronteira sobre a rúa Poboadores, ó contrario, debe compatibilizarse coa do Casco, porque as conectividades non se poden resolver de espaldas a un tramado pre-existente. que ten a súa escala específica...".

Como proposta concreta no Eixo Porta do Sol-Elduayen-Pi y Margall recolle o citado Estudio como criterios de ordenación:

- potenciar a transversalidade peonil no corredor, para minorar o efecto barreira*
- mellorar a integración do Paseo de Alfonso como mirador e zona peonil, e nodo para o transporte público*
- aumento do espazo para o peón*
- xeneración de dous espazos públicos-praza, integrando o paso rodado de Elduayen destinada para a circulación motorizada dentro da pavimentación conxunta da área: Praza da Princesa e Paseo de Alfonso.*

En consonancia co previsto no Estudio de mobilidade e coa humanización executada neste eixo, remítense os informes técnicos recabados cuio contido se extracta:

O enxeñeiro técnico de obras públicas da Xerencia de urbanismo e o xefe de Urbanizacións e infraestructuras detallan no informe do 18 de xullo de 2011 as implicacións técnicas que a construción do tunel suporía para a zona humanizada:

- diminución da superficie peonil no único mirador urbano sobre a ría e anulación da funcionalidade de praza sobre o paseo*
- detención necesaria do tráfico en cada parada de autobús no Paseo de Alfonso*
- desmantelamiento da isleta soterrada de colectores de residuos sólidos urbanos*
- variacións de trazado de numerosos servicios urbanos, especialmente os colectores de pluviais e fecais recentemente construídos*
- incompatibilidade da ubicación actual do quiosco do Paseo de Alfonso*
- incumplimento da pendiente máxima permitida incertidumbre da interacción do tunel co muro de gravidade que sostén o Paseo sobre a rasante da rúa Poboadores*
- incumprimento do Plan especial de protección e reforma interior do Casco vello en relación coa actuación prevista na rúa Elduayen no que se reduce a calzada a dous carriles de circulación en ambos os dous sentidos, localización de zonas de paradas de sewizos públicos e de carga e descarga.*

Acaban concluíndo os enxeñeiros municipais que:

Prirneiro.- A actuación de construción do túnel non sigue a tendencia de organización da mobilidade rodada e peonil que se ven desenvolvendo no eixo Pi y Margall-Policarpo Sanz segundo Plan especial de protección e reforma interior do Casco Vello e recomendacións do estudio de mobilidade e accesibilidade do Casco vello. nos que se refoiza o transporte público. se reduce a velocidade de circulación (zona 30) e se da prioridade á permeabilidade transversal dos peóns, sobre todo no tramo incluído no Casco vello.

Segundo.. Recomanan executar a conexión Torrecedeira-Paseo de Alfonso de forma indirecta, ante a afección que a construción do túnel suporía sobre as prestacións para a cidadanía da urbanización realizada no Paseo de Alfonso.

Na mesma liña argumental. o xefe da Área de Tráfico do Concello, en informe do 2 de agosto de 2001, e en base ó Estudio de tráfico do Barrio do Cura, indica que as actuacións recentes no contorno do PERI Casco Vello e eixo Paseo de Alfonso-Porta do Sol, están orientadas a cambiar a mobilidade, potenciando o uso do transporte público, calmado de tráfico, redución da velocidade e da carga de vehículos privados para longos percorridos. Dende a perspectiva técnica considera de difícil encaixe a execución do tunel , polo trazado, pendentes. mantemento dun carril por sentido nas rúas Elduayen e Paseo de Alfonso coas dársenas para parada de bus, humanización executada e mantemento do árbol "Olivo". simbolo da cidade.

En conclusión: as obras de humanización executadas responden ás previsións do Estudio de mobilidade cara a conseguir que o espazo público se converta nun lugar estancia1 e de nodo de transporte no Paseo de Alfonso, potenciando a través dunha intensa humanización, a creación dun area peonil na Porta do Sol, en consideración á escala do Casco vello e á súa localización central.

Neste coiuntura, unha vez executada a obra de humanización do eixo Paseo de Alfonso-Elduayen Policarpo Sanz, na que se prima o uso público dos espazos libres para a cidadanía, en detrimento da circulación indiscriminada dos vehículos de transporte privados, coas limitacións impostas para a libre circulación destes, xunto coas dificultades expostas por incumprimentos técnicos para implantar o túnel, un carril para un único sentido de circulación en superficie, e superación da pendiente máxima permitida en 2.9 %, non sería posible executar o túnel de conexión previsto entre a rúa Torrecedeira e o Paseo de Alfonso XII.

A adopción dun acordo municipal recoñecendo a inviabilidade técnica da construción do tunel supón a necesidade de manter o equilibrio de beneficios e cargas da area de reparto Barrio do Cura. Segundo observación segunda da ficha que para o PERI contén o PXOM, as plusvalías xeneradas na ordenación que incorpora o documento de planeamento compensan as cargas impostas neste ámbito. Non previstas na aprobación inicial do PEPR1 Casco Vello, garantindo deste xeito a equidistribución de cargas e beneficios que debe guiar a actuación urbanística, impedindo a desigual atribución daquelas. Se debe xustificar e garantir en todo caso que o equilibrio de cargas e beneficios no desenvolvemento da área de reparto do Barrio do Cura se mantén, tal e como determinan os artigos 4 letra "b", 20.1 letra "d" e 112.1 da Lei 912002, de 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia. En consecuencia o mantemento do equilibrio desta área require ben que se introduza unha nova determinación cunha valoración idéntica á recollida na ficha do PERI e xustificada segundo estándares usuais de custos unitarios do documento Estratexia de actuación e estudio

económico-financieiro do Plan xeral de ordenación municipal, ben que se reduza o aproveitamento urbanístico en compensación a ese recoñecemento de inviabilidade da construción do túnel, sempre segundo mesmos custos unitarios.

Xa que logo, en base ós fundamentos técnicos e xurídicos expostos, de conformidade co previsto no artigo 127.1 letra "d" da Lei reguladora das bases de réxime local, proponse á Xunta de Goberno local a adopción do seguinte ACORDO:

Determinar a inviabilidade técnica da execución do tunel de conexión entre as rúas Tomecedeira e Paseo de Alfonso XII prevista na ficha do Plan xeral de ordenación municipal do Plan especial de reforma interior do ámbito de planeamento remitido "APR A-4-01 Barrio do Cura", garantizándose o mantemento do equilibrio desta área de reparto introducindo no PERI que se tramite unha nova determinación cunha valoración idéntica á recollida na ficha do PERI segundo estándares usuais de custos unitarios do estudio económico-financieiro integrante do Plan xeral de ordenación municipal.

Con data 26.08.11 o Consello da Xerencia de Urbanismo aproba por maioría someter a Xunta de Goberno local a precedente proposta.

Acordo

A Xunta de Goberno Local acorda:

Determinar a inviabilidade técnica da execución do tunel de conexión entre as rúas Tomecedeira e Paseo de Alfonso XII prevista na ficha do Plan xeral de ordenación municipal do Plan especial de reforma interior do ámbito de planeamento remitido "APR A-4-01 Barrio do Cura", garantizándose o mantemento do equilibrio desta área de reparto introducindo no PERI que se tramite unha nova determinación cunha valoración idéntica á recollida na ficha do PERI segundo estándares usuais de custos unitarios do estudio económico-financieiro integrante do Plan xeral de ordenación municipal.

50(1009).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e vinte e cinco minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

M^a Jesús Lago Rey.